

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ITALIANO

Curso 2024-2025

Índice xeral

1. Introducción:
 - a. Cadro lexislativo
 - b. Contexto educativo

 2. Modalidades ofertadas:
 - a. Cursos anuais
 - b. Cursos semipresenciais
 - c. Cursos para o Público en Xeral
 - d. Cursos para profesorado
 - e. Cursos a distancia

 3. Programación por niveis:
 - a. Nivel Básico: A1 e A2
 - i. Definición do nivel
 - ii. Obxectivos xerais
 - iii. Nivel A1
1. Obxectivos específicos:
 - a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita

 2. Competencias e contidos:
 - a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo

- e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
3. Temporalización e secuenciación
4. Avaliación e mínimos esixibles:
- a. Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - v. Actividades de mediación
 - c. Mínimos esixibles para o nivel A1
 - d. Criterios de cualificación
- iv. Nivel A2
1. Obxectivos específicos:
- a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita
2. Competencias e contidos:
- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
3. Temporalización e secuenciación
4. Avaliación e mínimos esixibles:
- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - v. Actividades de mediación
 - c. Mínimos esixibles para o nivel A2
 - d. Criterios de cualificación
 - v. Nivel A1-A2
1. Obxectivos específicos:
- a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita

2. Competencias e contidos:

- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
- b. Competencias e contidos estratéxicos
- c. Competencias e contidos funcionais
- d. Competencias e contidos discursivos
- e. Competencias e contidos sintácticos
- f. Competencias e contidos léxicos
- g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

3. Temporalización e secuenciación

4. Avaliación e mínimos esixibles:

- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
- b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - v. Actividades de mediación
- c. Mínimos esixibles para o nivel A2
- d. Criterios de cualificación

b. Nivel Intermedio: B1 e B2

- i. Definición do nivel
- ii. Obxectivos xerais
- iii. Nivel B1

1. Obxectivos específicos:

- a. Actividades de comprensión de textos orais
- b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
- c. Actividades de comprensión de textos escritos

- d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita
2. Competencias e contidos:
- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
3. Temporalización e secuenciación
4. Avaliación e mínimos esixibles:
- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - v. Actividades de mediación
 - c. Mínimos esixibles para o nivel B1
 - d. Criterios de cualificación.
- iv. Nivel B2.
01. B2.1
1. Obxectivos específicos:
- a. Actividades de comprensión de textos orais

- b. Actividades de producción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de producción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita
2. Competencias e contidos:
- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
3. Temporalización e secuenciación
4. Avaliación e mínimos esixibles:
- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - v. Actividades de mediación
 - c. Mínimos esixibles para o nivel B2.1
 - d. Criterios de cualificación

02. B2.2

1. Obxectivos específicos:

- a. Actividades de comprensión de textos orais
- b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
- c. Actividades de comprensión de textos escritos
- d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
- e. Actividades de mediación oral e escrita

2. Competencias e contidos:

- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
- b. Competencias e contidos estratéxicos
- c. Competencias e contidos funcionais
- d. Competencias e contidos discursivos
- e. Competencias e contidos sintácticos
- f. Competencias e contidos léxicos
- g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

3. Temporalización e secuenciación

4. Avaliación e mínimos esixibles:

- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
- b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- v. Actividades de mediación
 - b. Mínimos esixibles para o nivel B2.2
 - c. Criterios de cualificación

- c. Nivel Avanzado: C1 e C2
 - i. Definición do nivel
 - ii. Obxectivos xerais
 - iii. Nivel C1
 - 01.C1.1
 - 1. Obxectivos específicos:
 - a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita.
 - 2. Competencias e contidos:
 - a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contido fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.
 - 3. Temporalización e secuenciación
 - 4. Avaliación e mínimos esixibles:

- a. Procedementos e instrumentos de avaliación
- b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.
 - v. Actividades de mediación.
- c. Mínimos esixibles para o nivel C1.1
- d. Criterios de cualificación.

02. C1.2

1. Obxectivos específicos:
 - a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita
2. Competencias e contidos:
 - a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos

- f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contido fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.
- 3. Temporalización e secuenciación
 - 4. Avaliación e mínimos esixibles:
 - a. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.
 - v. Actividades de mediación.
 - c. Mínimos esixibles para o nivel C1.2
 - d. Criterios de cualificación.
- iv. Nivel C2
 - 1. Obxectivos específicos:
 - a. Actividades de comprensión de textos orais
 - b. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - c. Actividades de comprensión de textos escritos
 - d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos
 - e. Actividades de mediación oral e escrita
 - 2. Competencias e contidos:

- a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos
 - b. Competencias e contidos estratéxicos
 - c. Competencias e contidos funcionais
 - d. Competencias e contidos discursivo
 - e. Competencias e contidos sintácticos
 - f. Competencias e contidos léxicos
 - g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
3. Temporalización e secuenciación
 4. Avaliación e mínimos esixibles
 - a. Procedementos e instrumentos de avaliación
 - b. Criterios de avaliación:
 - i. Actividades de comprensión de textos orais
 - ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais
 - iii. Actividades de comprensión de textos escritos
 - iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.
 - v. Actividades de mediación.
 - c. Mínimos esixibles para o nivel C2
 - d. Criterios de cualificación
 - d. Outras tipoloxías de cursos ofertados:
 - i. Título do curso:
 - ii. Obxectivos xerais:
 - iii. Contidos, competencias e secuenciación:
 - iv. Mínimos esixibles para o aproveitamento do mesmo:

4. Metodoloxía e recursos
5. Liñas de atención á diversidade
6. Actividades culturais e de promoción do idioma
7. Actividades da biblioteca
8. Coordinación TIC
9. Recursos:
 - a. A disposición do profesorado
 - b. A disposición do alumnado
10. Valoración e procedementos de revisión da programación didáctica
11. Procedementos para o seguimento alumnado: ausencias, abandono e resultados
12. Avaliación interna do departamento

1. Introducción:

a. Cadro legislativo

A presente programación didáctica elabórase no cadro normativo vixente que regula o funcionamento das Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) en Galicia. Este marco legal establece os principios, obxectivos, contidos e procedementos que orientan a nosa práctica docente.

Cadro normativo a nivel europeo

O **Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER)** é a principal referencia nesta materia. Este marco e a súa actualización (**Volume Complementario**) serven como guía para os sistemas educativos dos países membros, asegurando unha certa harmonización e facilitando a comparación de niveis.

Ademais do MCER, a UE impulsa diversas políticas lingüísticas que fomentan o plurilingüismo e a aprendizaxe de idiomas. Estas políticas vense reflectidas en diferentes documentos e programas, como por exemplo:

- Recomendación do Consello sobre as competencias clave para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Programas de financiamento: A UE pon en marcha diversos programas de financiamento, como **Erasmus+**, que apoian a mobilidade do alumnado e do profesorado, así como o desenvolvemento de proxectos de cooperación no ámbito da educación e da formación.

Cadro normativo estatal

A nivel estatal, a educación en idiomas encádrase na **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)** e as súas sucesivas modificacións. Esta lei establece o marco xeral da educación en España. Para as EOI, a LOMLOE recolle a importancia do aprendizaxe de linguas estranxeiras como ferramenta para a comunicación intercultural e o desenvolvemento persoal e profesional.

Así mesmo, reafirma a competencia das comunidades autónomas para organizar e xestionar as ensinanzas de réxime especial, como é o caso das EOI.

O **Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro**, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto. Establece un marco común a nivel estatal para a certificación das competencias lingüísticas nas diferentes linguas estranxeiras. Define os descritores de cada nivel (A1, A2, B1, B2, C1 e C2) en función das cinco actividades de lingua.

Cadro normativo autonómico (Galicia)

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. Define as competencias a adquirir en cada nivel e ofrece ás EOI unha certa flexibilidade para adaptar os programas ás necesidades do alumnado, sempre respectando os obxectivos xerais e as competencias clave.

Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25. Establece as normas para o proceso de inscrición e organización académica das EOIs.

Outras normativas relevantes

En Galicia, a normativa específica para as EOI encóntrase recollida no **Decreto 189/2010, do 11 de novembro**, polo que se establece o **Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas** da Comunidade

Autónoma de Galicia. Este decreto, aínda vixente, desenvolve a LOE no ámbito autonómico e establece a organización, funcionamento e réxime xurídico das EOI galegas.

A **Orde do 5 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o **Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas** da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Ademais da normativa específica das EOI, é necesario ter en conta outras disposicións e instrucións que poden afectar á nosa práctica docente, como a normativa sobre atención á diversidade, bibliotecas, inclusión, uso das TIC, etc

b. Contexto educativo

A Escola Oficial de Idiomas da Coruña é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial. A finalidade desta EOI é capacitar o alumnado, maioritariamente adulto, para o uso efectivo das linguas que se imparten e certificar a súa competencia, co obxectivo de fomentar o plurilingüismo entre a poboación, a aprendizaxe e formación permanentes e o respecto e recoñecemento da diversidade lingüística e cultural.

Na Escola Oficial de Idiomas da Coruña, os cursos de linguas están divididos segundo a división por niveis proposta no Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que no caso concreto da lingua italiano abrangue sete cursos académicos: A1, A2, B1, B2.1, B2.2, C1.1 e C1.2.

Para cursar os estudos de italiano o alumnado pode matricularse desde os catorce anos de idade. Os alumnos e as alumnas de italiano desta escola son de procedencias socioculturais, idades e intereses moi variados, aínda que a maioría deles son de lingua nai galega ou española.

O ensino no departamento de italiano é presencial, aínda que se pode realizar a matrícula por modalidade libre para acadar a certificación dos niveis A2, B1, B2 e C1.

2. Modalidades ofertadas:

a. Cursos anuais.

Toda a oferta educativa do departamento de italiano é unha oferta de cursos oficiais, anuais e presenciais que lle permite ao alumnado a asistencia á clase durante o curso académico (setembro a maio) que consta dunhas 130 horas lectivas. Ao final do curso o alumnado ten dereito á realización das probas de final de curso (xuño): probas de promoción (A1, B2.1 e C1.1) ou probas de certificación de nivel (A2, B1, B2 e C1).

O nivel básico (A1-A2) é posible realizalo nun único ano académico a través dos cursos integrados de A1-A2. Superando a proba de certificación ao final do curso, o alumnado obtén o título de A2 e pode acceder a B1. En calquera caso, este tipo de curso debe, necesariamente, realizarse a maior ritmo xa que, sen aumentar as horas lectivas respecto aos outros cursos, se imparten nun único ano os contidos esenciais dos dous cursos que integran o nivel básico (A1 e A2).

- b. **Cursos semipresenciais.** O departamento de italiano non oferta neste ano académico este tipo de cursos.
- c. **Cursos para o Público en Xeral.** O departamento de italiano non oferta neste ano académico este tipo de cursos.
- d. **Cursos para profesorado.** O departamento de italiano non oferta neste ano académico este tipo de cursos.
- e. **Cursos a distancia.** O departamento de italiano non oferta neste ano académico este tipo de cursos.

3. Programación por niveis:

- a. **Nivel Básico: A1 e A2.** Este nivel está integrado por dous cursos, A1 e A2, aínda que é posible realizalo nun único curso, cun curso integrado denominado A1-A2.

i. Definición do nivel

Nivel A1 (Principiante)

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Nivel A2 (Elemental)

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

ii. Obxectivos xerais

Nivel A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Nivel A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Nivel A1

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.
- Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

Nivel A2

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
- Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.
- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en

lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

- Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

iii. Nivel A1

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.
- Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
- Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.
- Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.
- Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
- Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

c. **Actividades de comprensión de textos escritos**

O alumnado será quen de:

- Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.
- Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiáns que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.
- Comprender información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

d. Actividades de producción e coprodución de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.
- Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

e. Actividades de mediación oral e escrita

O alumnado será quen de:

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
- Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.
- Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...
- Condicións de vida: vivenda, transporte...
- Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e

manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

c. Competencias e contidos funcionais

Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.

Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).

- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Información xeral:

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.
- Indicar posesión.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

Opiniós e valoracións:

- Expresar intereses, preferencias e gustos.
- Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Invitar, e reaccionar adecuadamente.

d. **Competencias e contidos discursivos.**

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios

- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

e. Competencias e contidos sintácticos.

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado / definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais.
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos.
- O posesivo. Formas e usos.
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos.
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común.
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos.
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.

f. **Competencias e contidos léxicos**

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía.
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

g. **Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.**

- O alfabeto.
- Correspondencia entre grafías e fonemas.
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos.
- A entoación.
- O acento. Regras básicas de acentuación.
- Recoñecemento e produción dos tons.

- Estrutura silábica.
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente.
- Orde dos trazos dos caracteres.
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos.
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.
- Ortografía do vocabulario máis usual.
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.

3. Temporalización e secuenciación:

Os obxectivos e contidos de Básico A1 desenvolveranse a partir das unidades 0,1 2,3,4,5,7 do libro de texto *Nuovissimo Progetto Italiano 1* (a1 – a2):

- Unidade introdutiva (unidade 0): *Benvenuti*
- Primeira unidade (unidade 1): *Un nuovo inizio*
- Segunda unidade (unidade 2) : *Tempo libero*
- Terceira unidade (unidade 3): *In contatto*
- Cuarta unidade (unidade 4): *Buon fine settimana!*
- Quinta unidade (unidade 5) : *Tempo di vacanze*
- Sexta unidade (unidade 7) : *Al cinema*

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse dividir o curso escolar en dous cuatrimestres:

O primeiro cuatrimestre comprenderá de setembro a xaneiro. Neste cuatrimestre impartiránse a unidade introdutiva e as primeiras catro unidades (0,1,2,3) do libro de texto *Nuovissimo Progetto Italiano*.

O segundo cuatrimestre dará inicio no mes de febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuatrimestre deberanse impartir as outras tres unidades (4,5,7) do libro de texto.

A temporalización das unidades coas que se traballará será a seguinte:

Primeiro cuatrimestre:

- Unidade 0 : *Benvenuti*. Outubro.
- Unidade 1 : *Un nuovo inizio*. Outubro - novembro.
- Unidade 2 : *Tempo libero*. Novembro - decembro.

- Unidade 3 : *In contatto*. Decembro - xaneiro.

Segundo cuadrimestre:

- Unidade 4 : *Che giornata!* Febreiro.
- Unidade 5 : *Parla come mangi!* Marzo.
- Unidade 7: *Tutta la mia città*. Abril e maio.

4. **Avaliación e mínimos esixibles:**

a. **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Avaliación inicial. Neste nivel a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado é un verdadeiro principiante ou non. De detectarmos algunha persoa do nivel A1 cun nivel superior ao requirido, proporémoslle unha reasignación ao nivel que lle corresponda. Para isto, a persoa deberá estar de acordo e realizar unha proba que determine o seu nivel real. Para realizar esta proba contarase cos instrumentos elaborados a este efecto polo departamento didáctico. Este mesmo procedemento para baixar ou subir de nivel poderá ser aplicado ao alumnado que accedera por titulación, por probas de certificación, traslado de expediente ou que non estivera matriculado o curso anterior.

Avaliación de progreso ou formativa. Permite observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través dela axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.

- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Levarase a cabo, periodicamente (se é posible ao final de cada unidade) unha avaliación de progreso mediante a realización de tarefas de índole variada (test gramaticais, tarefas de produción escrita, propostas de produción oral, textos orais e escritos...) que permitan coñecer o índice de progreso do alumnado nas diferentes actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e detectar eventuais dificultades nas súas primeiras fases.

Avaliación certificadora. Nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba de promoción que será común a todos os grupos que estean a realizar o nivel na EOI da Coruña, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a superación do nivel A1 e habilitará ao alumnado a matricularse no nivel A2.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos. Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de

Formación Profesional na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación; para este nivel tomarase como referencia estrutural a do nivel A2. Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna/node/231>

Autoavaliación. Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíe a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe. Ademais, axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta algúns aspectos tales como a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado, a aprendizaxe que acadou e debería ter acadado o alumnado ou o desenvolvemento da programación, entre outros. Entre os instrumentos máis salientables desta avaliación están os propios recursos que ofrecen os libros de textos seleccionados para levar a cabo o curso.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- ★ Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- ★ Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.
- ★ Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- ★ Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais

sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

- ★ Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- ★ Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- ★ Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

v. **Actividades de mediación**

- ★ É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- ★ Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
- ★ Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

c. **Mínimos esixibles para o nivel A1**

Actividades de comprensión de textos orais:

- Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.

Actividades de produción e coprodución de textos orais:

- Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.

- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

Actividades de comprensión de textos escritos:

- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.
- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

Actividades de produción e coprodución de textos escritos:

- Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os

recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

Actividades de mediación:

- É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

d. **Criterios de cualificación**

O alumnado matriculado nos cursos non terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, proba de promoción, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas correspondentes ao nivel básico A1 estruturaránse, seguindo o modelo da proba de certificación de A2, en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

iv. Nivel A2

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- **Comprender** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.
- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
- Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

c. **Actividades de comprensión de textos escritos**

O alumnado será quen de:

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.
- Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

d. **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

O alumnado será quen de:

- Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
- Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns. Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

e. **Actividades de mediación oral e escrita**

O alumnado será quen de:

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.
- Mediar en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.
- Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Primeiro cuadrimestre

- Cuestións xerais sobre o patrimonio histórico, artístico e cultural italianos.
- Obxectos máis importantes na vida cotiá dos italianos.
- O deseño italiano nos anos 50.
- Estilos de decoración.
- A escola italiana no pasado e actualmente.
- Cambios na sociedade italiana.
- A evolución da moda italiana.
- Artesáns e produtos artesanais italianos.

Segundo cuadrimestre

- Dieta mediterránea.
- Os produtos máis adquiridos polos italianos.
- O poder dos influencers.
- Os programas de televisión dedicados ás viaxes.
- O patrimonio artístico-cultural italiano.
- A educación cívica e o vandalismo.
- A arte urbana, a street art.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.

- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

c. Competencias e contidos funcionais

Primeiro cuadrimestre

- Comunicar en clase.
- Pedir e dar informacións persoais.
- Falar das estratexias propias de aprendizaxe.
- Expresar emocións, falar de problemas e dificultades.
- Expresar acordo e desacordo.
- Describir obxectos.
- Expresar accións anteriores e posteriores.
- Describir a casa.
- Localizar no espazo.
- Expresar opinións e preferencias.
- Facer comparacións.
- Describir costumes e situacións pasadas.
- Falar de patrimonio e sentido cívico.
- Contar unha viaxe.
- Confrontar varias tipoloxías de turistas.
- Dar e pedir indicacións para ir a un sitio.
- Falar da propia infancia.
- Falar do sistema educativo.
- Falar das propias competencias e ofrecer un servizo.
- Falar de avarías e reparacións.
- Ofrecer e pedir algo.

- Fixar unha cita.

Segundo cuadrimestre

- Falar da xestión do tempo.
- Falar de síntomas e expresar un malestar.
- Pedir e dar consellos.
- Facer hipóteses.
- Pedir e dar informacións sobre obxectos que vender ou comprar.
- Expressar preferencias e opinións.
- Ir de compras: prezo, características, formas de pagamento, envío,...
- Expressar hipóteses e opinións.
- Organizar un discurso.
- Expressar da obriga e necesidade.

d. Competencias e contidos discursivos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios
- Formularios
- Listaxes
- Etiquetas de produtos e embalaxes
- Folletos informativos ou publicitarios
- Biografía
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Axendas e diarios
- Textos sinxelos e breves
- Informacións meteorolóxicas
- Notas e mensaxes
- Instrucións sinxelas

- Programacións de radio e televisión
- Receitas de cociña moi sinxelas
- Carteleiras de espectáculos

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas sinxelas
- Instrucións e anuncios
- Presentacións públicas

e. Competencias e contidos sintácticos

- Primeiro cuatrimestre
- Os verbos para expresar dificultades e emocións.
- Os verbos con preposición.
- O pronome complemento directo.
- O ne partitivo.
- A construción *ce l'ho*
- O infinitivo pasado.
- Prima di/ dopo.
- Os indefinidos básicos.
- Essere <--> Esserci
- O passato prossimo.
- O imperfecto indicativo.
- O contraste presente/pasado.
- Os comparativos de igualdade, superioridade e inferioridade.
- Indicadores temporais: prima, dopo, sempre, tutti i giorni,...
- O condicional simple.
- O presente de indicativo dos verbos sapere, potere.
- Stare + xerundio.
- Os pronomes cos infinitivos.
- O acordo do participio pasado cos pronomes directos e co pronome ne.
- Ti andrebbe, hai voglia di,...

Segundo cuadrimestre

- O futuro simple.
- Os verbos con preposición: provare a, cercare di, smettere di, cominciare a,...
- O periodo hipotético da realidade.
- Stare + xerundio.
- Algúns plurais irregulares.
- O imperativo formal. Formación.
- O imperativo cos pronomes.
- Comparativos e superlativos irregulares.
- O superlativo absoluto e relativo.
- O si impersonal.
- Os pronomes relativos che e cui.
- O passato prossimo dos verbos cominciare, finire, potere, dovere, volere.
- Verbos con dous auxiliares.
- Metterci e volerci
- Os adverbios en -mente.
- Pensare di + infinitivo.
- Avere bisogno di+ infinitivo ou substantivo.
- Os nomes e adxectivos alterados.
- Conectivos causais e temporais.
- O condicional simple.
- Expresións de obriga.
- Introducción ao presente de subxuntivo.

f. Competencias e contidos léxicos

Primeiro cuadrimestre

- O léxico da clase.
- Gustos e intereses.
- Os adxectivos para describir o carácter e os estados de ánimo.

- As cores.
- Os verbos da comunicación.
- Sinais discursivos: come dire?, diciamo, cioè, quindi, vediamo, ora, poi, allora, a proposito, comunque...
- Casa e decoración.
- Expresións de lugar.
- Os verbos e o léxico do traballo e da formación.
- O sistema educativo.
- Tarefas domésticas, aparellos, manualidades.
- As expresións para aceptar, rexeitar, pedir desculpas e xustificarse.

Segundo cuadrimestre

- A saúde.
- As partes do corpo.
- As expresións para describir síntomas.
- Sinais discursivos: magari, insomma, dunque, allora, proprio, va beh, chiaro, guarda,...
- As compras.
- Adxectivos para describir obxectos (materiais, cores,...).
- As viaxes e os servizos turísticos.
- Indicacións para ir a un lugar.
- Tempo meteorolóxico.
- A educación cívica.
- Expresións: secondo me, io al tuo posto, ...
- Conectivos: in primo luogo, innanzitutto, infine,...

g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Primeiro cuadrimestre

- Repaso xeral de entoación e pronuncia.
- A pronuncia de gia, gio, giu, cia.
- A entoación: afirmación, exclamación, pregunta.

- A entoación: desilusión, sorpresa, interese, preocupación.
- Diferencia tra s sonora e s xorda.
- A posición do acento na conxugación do imperfecto. 39
- Consoantes dobres.
- A entoación: proposta, aceptación, rexeitamento.

Segundo cuadrimestres

- Entoación: futuro e hipótese.
- Entoación: desexo.
- Consoantes dobres.
- Palabras monosílabas.
- A consoante muda h.
- Entoación: consellos e instrucións.
- O raddoppiamento sintattico.
- Entoación: afirmar, exclamar, preguntar.
- Entoación: hipótese e indignación.
- O d eufónico.
- Palabras homógrafas (vogais apertas e pechadas)

3. Temporalización e secuenciación:

Para o ano académico 2024-2025, a pesar da supresión das probas de progreso, decidiuse, a nivel organizativo, dividir o curso escolar en dous cuadrimestres:

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende a segunda semana do mes de setembro ata finais de decembro. Neste cuadrimestre impartiranse a unidade introdutiva e catro unidades do libro de texto *Al dente 2*.

O segundo cuadrimestre dará inicio no mes de xaneiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre deberanse impartir outras catro unidades do libro de texto *Al dente 2*.

Para que o docente responsable do curso poida valorar o adecuado progreso do alumnado e para que este, asemade, poida facer un seguimento do seu propio progreso e identificar os aspectos a mellorar na súa aprendizaxe,

levarase a cabo unha avaliación inicial que determine o punto de partida de cada alumno/a individualmente e programaranse con periodicidade mensual tarefas dirixidas a verificar o nivel e o progreso nas diferentes actividades de lingua das que será examinado o alumnado ao final do curso.

Temporalización das unidades.

A temporalización das unidades coas que se traballará será a seguinte:

Primeiro cuadrimestre:

- Unidade 0 *Al dente 2: Musica per le mie orecchie*. Setembro
- Unidade 1 *Al dente 2: Siamo così*. Setembro-Outubro
- Unidade 7 *Al dente 2: Andata e ritorno*. Outubro-Novembro.
- Unidade 3 *Al dente 2: Correva l'anno....* Novembro-Decembro
- Unidade 8 *Al dente 2: Fatti e misfatti*. Decembro

Segundo cuadrimestre:

- Unidade 5 *Al dente 2: Società del benessere*. Xaneiro-Febreiro
- Unidade 6 *Al dente 2: Lo compriamo?* Febreiro-Marzo
- Unidade 2 *Al dente 2: Case di stile*. Abril
- Unidade 4 *Al dente 2: Artigianato e mestieri*. Maio

4. **Avaliación e mínimos esixibles:**

a. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Avaliación certificadora: Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso deste nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Autoavaliación: A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe.

Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do

alumnado e ás súas propias. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- ★ Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- ★ Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización textual.

- ★ Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.
- ★ Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- ★ Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (entoación, repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración do interlocutor ou da interlocutora.
- ★ Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- ★ Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e

reformulacións. Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.
- ★ Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto.
- ★ Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos básicos relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- ★ Coñece os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo de texto.
- ★ Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

- ★ Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Aplica á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos elementais adquiridos, respectando as normas de cortesía máis básicas e sinxelas.
- ★ Coñece e sabe aplicar estratexias moi básicas para producir textos escritos moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, p. ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto.
- ★ Leva a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando un repertorio común dos seus expoñentes e seguindo os patróns discursivos máis básicos para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.
- ★ Utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns) para enlazar grupos de palabras e crear secuencias moi sinxelas.
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común na redacción de textos en papel ou soporte dixital.

v. Actividades de mediación

- ★ Coñece os aspectos básicos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e é capaz de actuar en consecuencia, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

- ★ Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.
- ★ Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe aos receptores e as receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
- ★ Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

c. Mínimos esixibles para o nivel A2

- Comprender informacións sobre experiencias vividas, eventos pasados, feitos concluídos, narracións.
- Aprezar a secuenciación temporal, informacións obvias e de fondo en eventos, narracións, descrições.
- Entender instrucións e peticións en contextos cotiáns.
- Captar informacións xerais en conversas cotiáns.
- Distinguir a opinión principal en textos de tema familiar e identificar motivacións e valoracións.
- Abrir e pechar unha conversación presencial, unha correspondencia, unha chamada telefónica,...
- Facer comparacións e indicar o grado dunha calidade.
- Expresar desexos.
- Narrar feitos e experiencias concretas presentes e pasadas.
- Describir hábitos, estados de ánimo, características referidas a persoas, cosas, obxectos e situacións pasadas.
- Expresar opinións e reaccionar a opinións alleas.
- Introducir unha hipótese.
- Solicitar algo ou responder a unha solicitude.
- Enumerar e indicar a cantidade.

- Facer suxestións e dar instrucións.
- Elaborar unha secuenciación temporal dos feitos.
- Indicar as principais causas e consecuencias. Facer previsións para o futuro.
- Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas.
- Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar en termos xerais a propia opinión ou as propias eleccións.
- Empregar un número limitado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras.

d. Criterios de cualificación

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

Neste curso terminal do nivel A2 o alumnado realizará unha proba na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel e servirá para medir o seu dominio de lingua. A superación desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente A2 e permitirá o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

No nivel A2 a proba constará de 4 partes, cada unha delas cun valor máximo de 25 puntos, sendo a puntuación total da proba de certificación de 100 puntos.

As partes son:

- comprensión de textos orais
- produción, coprodución e mediación oral
- comprensión de textos escritos
- produción, coprodución e mediación escrita

Para obter a certificación neste nivel, o alumnado deberá acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha destas partes. A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria. Deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á

convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

v. Nivel A1-A2

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.
- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.
- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.
- Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.
- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.
- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
- Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.
- Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.
- Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.
- Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

- Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

e. Actividades de mediación oral e escrita

O alumnado será quen de:

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.
- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- Aspectos coñecidos de Italia.
- Vida cotiá: distribución do día, rutina diaria e actividades de lecer; as comidas.
- Convencións sociais: fórmulas básicas de cortesía.
- Condicións de vida: Transporte. Moverse na cidade, usar os medios de transporte públicos.
- Actividades de lecer.
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...).
- Tempo libre e as vacacións dos Italianos, costumes dos italianos en vacacións.
- Festas, tradicións e regalos típicos (Nadal e Fin de Ano).

- Festas familiares, nacementos, matrimonio, festas de licenciatura.
- Tendencias da familia italiana.
- Horarios de apertura e peche de tendas, tipos de tendas e mercancías, costumes nas compras.
- Sistema escolar en Italia.
- Tipos de vivenda, decoración e coidados do fogar, obxectos típicos das casas italianas.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles.

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles.

- Probar novas expresións.

- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

c. Competencias e contidos funcionais

- Saudar e despedirse.
- Presentarse e presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Manifestar comprensión e incomprensión.
- Afirmar e negar algo.
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Preguntar e falar de accións cotiás.
- Interesarse por persoas.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, e actividades.
- Invitar e reaccionar adecuadamente.
- Interacturar nun restaurante, pedir información, agradecer, felicitar, convidar, pedir axuda, obxectos e servizos.
- Expresar interese, preferencias e gustos.
- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

- Interactuar na rúa, pedir información, agradecer.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Pedir e dar información sobre medios de transporte, falar de viaxes e vacacións, dar consellos sobre viaxes e lugares de interés turístico, falar de aloxamentos, falar do tempo meteorolóxico.
- Interactuar nunha tenda, informarse e dar informacións sobre o aspecto. Saudar e interactuar ao teléfono.
- Describir relacións de parentesco, describir aspecto físico e personalidade, falar dos estudos e da escola, expresar bos desexos (Nadal).
- Expresar intencionalidade, facer proxectos, expresar dúbidas, facer previsións e suposicións, pedir e dar información sobre casas en venta ou alugueiro, pedir e dar información sobre materiais e obxectos de decoración, pedir e dar o permiso para entrar.

d. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios.
- Formularios.
- Listaxes, estatísticas.
- Etiquetas de produtos e embalaxes.
- Folletos informativos ou publicitarios.
- Biografía.
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús.
- Carteis, letreiros e sinais.
- Axendas e diarios, calendarios.
- Textos sinxelos e breves.
- Informacións meteorolóxicas.

- Horóscopos e previsións.
- Notas e mensaxes.
- Instrucións sinxelas.
- Programacións de radio e televisión.
- Receitas de cociña moi sinxelas.
- Carteleiras de espectáculos.
- Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:
- Conversas cara a cara.
- Instrucións e anuncios.
- Presentacións públicas.

e. Competencias e contidos sintácticos

- O verbo: Formas máis usuais para a expresión do presente. Indicativo Presente dos verbos regulares, reflexivos e algúns irregulares. Verbos modais e outros verbos irregulares no presente. Imperativo con VOI. O Imperativo de segunda persoa formal e informal. O verbo DOVERE. Introducción ao Passato Prossimo. O Participio Pasado. Verbos transitivos e intransitivos. Escolla do auxiliar no passato prossimo; algúns participios pasados irregulares, posición dos adverbios co passato prossimo. O imperfecto de indicativo. Imperfecto ou passato prossimo? Futuro Simple regular e irregular. Futuro simple para facer hipóteses.
- O nome (xénero e número): regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O adxectivo: Adxectivo cualificativo. Concordanza en xénero e número. Adxectivos posesivos. Adxectivo posesivo con nomes de parentela. Os numerais ata o 30. O adxectivo comparativo: superioridade, inferioridade e igualdade.
- O artigo: Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais. A concordancia de artigos, nomes e

adxectivos. As preposicións di e per; preposicións e expresións de lugar.

Preposicións locativas (in/da)

- Os conectivos máis comúns: *e, prima, poi, invece, quando, perché, ma, invece, allora, perché, quindi.*
- Preposicións: o partitivo *di*, a preposición *con*, as preposicións temporais *da* e *a*, as preposicións articuladas. Preposicións de lugar.
- Pronomes: pronome suxeito. Formas máis habituais e comúns do pronome persoal. O pronome relativo *che*.
- As partículas interrogativas de uso máis frecuente.
- Pronomes directos e indirectos. Posición dos pronomes co imperativo e co infinitivo verbal.
- Pronomes e adxectivos indefinidos.
- Si impersonale.
- Os conectivos *che, anche se*. Conectivos causais.
- O partitivo *ne*.
- Marcadores temporais *prima, dopo e durante*.

f. Competencias e contidos léxicos

- Saúdos, identificación persoal, idade, profesións, xentilicios, o tempo libre (actividades de lecer), estacións do ano.
- Hábitos e horarios, actividades de lecer, nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento e equipaxe.
- Léxico relativo a actividades cotiás, tempo libre e ocio. Partes do día, días da semana, expresións co verbo FARE, adverbios de frecuencia, lugares destinados ao tempo libre.
- Tipos de restaurantes, pratos, tipos de alimentos, bebidas, adxectivos para falar de gustos e preferencias culinarias, moedas e adverbios de cantidade.
- Lugares da cidade, edificios e espazos públicos, expresións para indicar espazos, verbos de movementos, introducción ás cores.
- Léxico relativo a viaxes, medios de transporte, aloxamento, destinos turísticos, estacións do ano e períodos de vacacións, o tempo

atmosférico, actividades de ocio durante as vacacións e o tempo libre, equipaxes, expresións de tempo.

- Tipos de tendas e mercancias, cantidades, pesos e medidas, tipos de embalaxes, prendas de vestir e accesorios, adxectivos para describir roupa e calzado, tecidos e deseños. Léxico relacionado co mundo da moda e o estilismo.
- Graos de parentela, adxectivos para a descrición de aspectos físicos e forma de ser, títulos de estudio, prefixos de negación.
- Tipos de casas e partes da casa, mobles da casa e obxectos de decoración, formas e materiais, nomes compostos verbo e nome (colapasta), os numerais.
- Enfermidade e trastornos da saúde, curas e terapias, partes do corpo...

g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Alfabeto italiano.
- Correspondencia entre grafías e fonemas.
- Recoñecemento e produción de sons vocálicos e consonánticos.
- A entoación. Entoación interrogativa e exclamativa.
- Estrutura silábica.
- Consoantes dobres.

3. Temporalización e secuenciación:

Os obxectivos e contidos de Básico A1-A2 desenvolveranse a partir das 5 unidades do libro de texto *Nuovo Contatto A1* e das 5 unidades do libro de texto *Nuovo Contatto A2*:

- Primeira unidade (unidade 1 de *Nuovo Contatto A1*): *Bella festa, vero?*. Setembro- outubro
- Segunda unidade (unidade 2 de *Nuovo Contatto A1*): *Vorrei un'informazione*. Outubro-novembro.

- Terceira unidade (unidade 3 de *Nuovo Contatto A1*): *Che cosa fai oggi?* Novembro.
- Cuarta unidade (unidade 4 de *Nuovo Contatto A1*): *Tu cosa prendi?* Decembro.
- Quinta unidade (unidade 5 de *Nuovo Contatto A1*): *Dov'è la fermata dell'autobus?* Xaneiro.
- Sexta unidade (unidade 1 de *Nuovo Contatto A2*): *E tu, dove sei andato in vacanza?* Febreiro.
- Sétima unidade (unidade 2 de *Nuovo Contatto A2*): *Cercavo qualcosa.* Marzo.
- Oitava unidade (unidade 3 de *Nuovo Contatto A2*): *Mi fai vedere qualche foto della tua famiglia?* Marzo-abril.
- Novena unidade (unidade 4 de *Nuovo Contatto A2*): *Verrà proprio un bell'appartamento!* Abril.
- Décima unidade (unidade 5 de de *Nuovo Contatto A2*): *Come stai?* Maio.

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse organizar, didacticamente, o curso escolar en dous cuadrimestres.

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende finais de setembro ata o 31 de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as 5 unidades do libro de texto *Nuovo Contatto A1*.

O segundo cuadrimestre dará inicio en febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre impartiranse as 5 unidades do libro de texto *Nuovo Contatto A2*.

4. Avaliación e mínimos esixibles:

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación inicial. Neste nivel a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado é un verdadeiro principiante ou non. De detectarmos algunha persoa do nivel A1 cun nivel superior ao requirido, proporémoslle unha reasignación

ao nivel que lle corresponda. Para isto, a persoa deberá estar de acordo e realizar unha proba que determine o seu nivel real. Para realizar esta proba contarase cos instrumentos elaborados a este efecto polo departamento didáctico. Este mesmo procedemento para baixar ou subir de nivel poderá ser aplicado ao alumnado que accedera por titulación, por probas de certificación, traslado de expediente ou que non estivera matriculado o curso anterior.

Avaliación de progreso ou formativa. Permite observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través dela axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Levarase a cabo, periodicamente (se é posible ao final de cada unidade) unha avaliación de progreso mediante a realización de tarefas de índole variada (test gramaticais, tarefas de produción escrita, propostas de produción oral, textos

orais e escritos...) que permitan coñecer o índice de progreso do alumnado nas diferentes actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e detectar eventuais dificultades nas súas primeiras fases.

Avaliación certificadora. Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente A2.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos. Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de Formación Profesional na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna/node/231>

Autoavaliación. Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíe a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe,

estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe. Ademais, axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolve a capacidade de autogoberno.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta algúns aspectos tales como a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado, a aprendizaxe que acadou e debería ter acadado o alumnado ou o desenvolvemento da programación, entre outros. Entre os instrumentos máis salientables desta avaliación están os propios recursos que ofrecen os libros de textos seleccionados para levar a cabo o curso.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.
- ★ Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.
- ★ Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

ii. Actividades de producción e coproducción de textos orais

- ★ Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.
- ★ Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.
- ★ Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.
- ★ Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

- ★ Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
- ★ Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- ★ Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.

v. Actividades de mediación

- ★ **É capaz de actuar** tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- ★ **Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.
- ★ **Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.
- ★ **Toma notas** moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

c. Mínimos esixibles para o nivel A1-A2

Nivel A1

- Recoñecer o contexto, expresións familiares, fórmulas e palabras máis comúns (publicidade, carteis, menú, horarios, formularios...).
- Extrapolar informacións de conversas formais e informais (presentacións, pedir informacións, orientacións na rúa...).
- Comprender o contido xeral de instrucións e regulamentos.
- Distinguir informacións rutinarias (horarios, prezos, lugares, descricións,...).
- Comprender informacións principais en correspondencia, contos, descricións, biografías, artigos, recensións, documentos públicos.
- Comezar e concluír conversa/correspondencia.
- Verificar e confirmar a comprensión.
- Confirmar, desmentir, expresar acordo ou desacordo.
- Requerir a atención.
- Desculparse, agradecer e responder a un agradecemento.
- Solicitar/dar informacións en contextos formais e informais.
- Expresar gustos (propios ou alleos) e informarse ao respecto.
- Pedir/dar informacións sobre feitos e programas.
- Dar e comprender instrucións.
- Manexar frases para solicitar un ben/servizo.
- Describir/solicitar informacións sobre accións cotiás, hábitos e rutina.
- Expresar obriga, posibilidade, desexo.
- Informarse e expresar a razón/ causa de algo.
- Facer / responder a un ofrecemento, unha proposta ou unha invitación.
- Expresar bos desexos, facer un brinde ou un agradecemento.
- Describir o tempo atmosférico.
- Pedir/ escribir accións, hábitos, rutinas no pasado e facilitar unha secuenciación temporal.
- Encher formularios con datos persoais.
- Dicir que non se entendeu.
- Pedir que se repita.

- Preguntar polo significado dunha palabra.
- Pedir que se soletree.
- Preguntar pola pronuncia correcta.
- Captar a atención.
- Abrir e pechar unha conversa ou unha correspondencia.
- Tomar a palabra.
- Empregar linguaxes non verbais para facerse entender.
- Inferir para comprender o contexto comunicativo.
- Inferir do contexto para comprender o contido lingüístico.
- Inferir o contido lingüístico coñecido para comprender: frases, palabras ou expresións non coñecidas.
- Empregar todos os recursos coñecidos para expresar acordo ou desacordo.
- Escanear / escoitar un texto sobre a rutina ou de contido familiar para buscar informacións específicas.

Nivel A2

- Comprender informacións sobre experiencias vividas, eventos pasados, feitos concluídos, narracións.
- Aprezar a secuenciación temporal, informacións obvias e de transfondo en eventos, narracións, descrições.
- Entender instrucións e peticións en contextos cotiáns.
- Captar informacións xerais en conversas cotiás.
- Distinguir a opinión principal en textos de tema familiar e identificar motivacións e valoracións.
- Abrir e pechar unha conversación presencial, unha correspondencia, unha chamada telefónica,...
- Facer comparacións e indicar o grado dunha cualidade.
- Expresar desexos.
- Narrar feitos e experiencias concretas presentes e pasadas.
- Describir hábitos, estados de ánimo, características referidas a persoas, cosas, obxectos e situacións pasadas.

- Expresar opinións e reaccionar a opinións alleas.
- Introducir unha hipótese.
- Solicitar algo ou responder a unha solicitude.
- Enumerar e indicar a cantidade.
- Facer suxestións e dar instrucións.
- Elaborar unha secuenciación temporal dos feitos.
- Indicar as principais causas e consecuencias.
- Facer previsións para o futuro.
- Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas.
- Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar en termos xerais a propia opinión ou as propias eleccións.
- Empregar un número limitado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras.

d. Criterios de cualificación

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

b. Nivel Intermedio: B1 e B2

i. Definición do nivel

Nivel B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Nivel B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas – sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

ii. Obxectivos xerais

Nivel B1

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.
- Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.
- Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.
- Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

Nivel B2

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.
- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de

maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

iii. Nivel B1

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

e. Actividades de mediación oral e escrita

O alumnado será quen de:

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

2. Competencias e contidos

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- Tópicos sobre os italianos.
- Voluntariado.
- Personaxes italianos relevantes.
- Relacións de parella.
- A novela policiaca italiana.
- Illas italianas: Elba, Eolie e Sardeña.
- Rexións: Valle d' Aosta e Abruzzo.
- Ferragosto.
- Cinema italiano.
- Cidades: Palermo, Turín.

- Os mozos e o traballo.
- A muller e o traballo.
- O desemprego

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.
- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

c. Competencias e contidos funcionais

- Presentarse,
- Falar de gustos e intereses.
- Matricularse nun curso.
- Solicitar información por escrito.
- Comunicar en clase.
- Falar de sucesos e desventuras.
- Describir persoas e estados de ánimo.
- Manifestar sensacións persoais.
- Comunicar con xestos.
- Falar de viaxes e vacacións.
- Facer hipótesis.
- Falar da propia saúde.
- Dar consellos e aceptalos ou rexeitalos.
- Falar de tempo libre e entretementos.
- Expresar opinións persoais sobre o mundo dos mozos.
- Coñecer as opinións dos italianos sobre o traballo.
- Manter unha entrevista de traballo.
- Expresar opinións sobre algúns aspectos do traballo.
- Redactar unha carta de resposta a un anuncio de traballo.

d. Competencias e contidos discursivos

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

e. Competencias e contidos sintácticos

- Repaso de contidos gramaticais tratados nos niveis anteriores: concordancia nome / adxectivo, pronombres directos e indirectos, presente, pretérito perfecto, imperfecto, futuro.
- O imperativo directo e de cortesía: afirmativo e negativo.
- Preposicións verbais di, a.
- Conxuncións: *ma, però, perché, così, se, mentre, siccome, intanto, tuttavia, poi, anche*.
- Uso de pretérito perfecto e imperfecto, tamén cos verbos modais.
- Pretérito pluscuamperfecto.
- Forma pasiva: recoñecemento.
- Particula CI.
- Stare + xerundio / stare per.
- Preposicións de tempo.
- Condicional presente.
- Futuro vs condicional.
- Pronome NE.
- Particulas NE/ CI.
- Demostrativo QUELLO.
- Preposicións simples e compostas.
- Conxuncións: *anzi, invece di, piuttosto che*.

- Subxuntivo presente.
- Pronomes directos, indirectos e combinados + concordancia co pretérito perfecto.
- Pronomes relativos.
- Comparativos e superlativos.
- Preposicións verbais.
- Conxuncións: sia... sia / che; né... né.
- Imperativo e pronomes persoais.
- Pronomes relativos.

f. Competencias e contidos léxicos

- Deportes, tempo libre, traballo, escola.
- Descrición de persoas.
- Sucesos e seguridade: accidentes, furtos, policía,
- Sentimentos e emocións.
- Modismos coas partes do corpo e con animais.
- Deportes e actividades.
- Cociña.
- Tráfico.
- Linguaxe burocrática.
- Adxectivos en - ibile e – abile.
- Nomes alterados.
- Entretementos: películas, concertos, exposicións.
- Linguaxe xuvenil.
- Adxectivos en – ale, - ile e –oso.
- Nomes en – eria e – teca.
- Traballo e personalidade.
- Profesións.
- Anuncios de traballo.
- Cartas formais.

- Nomes en – ita, - ezza, - enza, - anza.
- Nomes masculinos e femininos en – tore, - ista, - aio, - iere e – ante.

g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Acento de palabra.
- Acento en verbos conxugados.
- Acento gráfico.
- Palabras homófonas con grafía distinta.
- Entoación: estados de ánimo.
- Énfasis.
- Entoacións: aceptar ou rexeitar un consello.
- <sc> / <sci>, <cc> / <ch>, <qu> / <cqu> / <cu>.
- Entoación e expresións da linguaxe oral.
- Consoantes dobres.
- Entoación: ordes e peticións.
- Sons /k/ e /l/ Sons /ŋ/ e /n/.

3. Temporalización e secuenciación

Os obxectivos e contidos de B1 desenvolveranse a partir da unidade 5 do libro *Nuovo Contatto A2* e das seis unidades que compoñen o libro *Nuovo Contatto B1*.

- Primeira unidade (unidade 0 de *Nuovo Contatto B1*): *Pronti e via*. Setembro-outubro.
- Segunda unidade (unidade 10 de *Nuovo Contatto A2*): *Come stai?* Outubro-novembro.
- Terceira unidade (unidade 1 de *Nuovo Contatto B1*): *Che cosa è successo?* Novembro-décembro.
- Cuarta unidade (unidade 2 de *Nuovo Contatto B1*): *Io vorrei andare in Sardegna*. Xaneiro-febreiro.

- Quinta unidade (unidade 3 de *Nuovo Contatto B1*): *Su dai, usciamo!* Febreiro-marzo.
- Sesta unidade (unidade 4 de *Nuovo Contatto B1*): *Come ha saputo di questo lavoro?* Marzo-abril.
- Sétima unidade (unidade 5 de *Nuovo Contatto B1*): *Che problema c'è?* Abril-maio.

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse organizar, didacticamente, o curso escolar en dous cuadrimestres:

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende finais de setembro ata o 31 de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as unidades 0,1 e 2 de *Nuovo Contatto B1* así como a unidade 10 de *Nuovo Contatto A2*.

O segundo cuadrimestre dará inicio en febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre impartiranse as unidades 3, 4 e 5 do libro de texto *Nuovo Contatto B1*.

4. **Avaliación e mínimos esixibles:**

a. **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Avaliación inicial. Servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. Aplicaremos esta avaliación inicial propoñendo tarefas e actividades de todas as actividades de lingua presencialmente, na aula, ou na aula virtual, para analizar as fortalezas e debilidades do alumnado e programar así actividades que axuden a reparar as necesidades detectadas. Así mesmo, realizaremos un repaso inicial de contidos en todos os niveis, habitual durante as primeiras semanas do curso e incluído nas unidades introdutorias de cadanseu nivel.

Avaliación de progreso ou formativa. Permite observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través dela axudamos os estudantes a avanzar na súa

aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Levarase a cabo, periodicamente (se é posible ao final de cada unidade) unha avaliación de progreso mediante a realización de tarefas de índole variada (test gramaticais, tarefas de produción escrita, propostas de produción oral, textos orais e escritos...) que permitan coñecer o índice de progreso do alumnado nas diferentes actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e detectar eventuais dificultades nas súas primeiras fases.

Avaliación certificadora. Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do

nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente B1 e o acceso directo ao nivel B2.1.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos. Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableceza a Dirección Xeral de Formación Profesional na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna/node/231>

Autoavaliación. Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíe a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe. Ademais, axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta algúns aspectos tales como a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás

características e ás necesidades do alumnado, a aprendizaxe que acadou e debería ter acadado o alumnado ou o desenvolvemento da programación, entre outros. Entre os instrumentos máis salientables desta avaliación están os propios recursos que ofrecen os libros de textos seleccionados para levar a cabo o curso.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.
- ★ Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.
- ★ Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.
- ★ Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.
- ★ Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.
- ★ Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se

poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.
- ★ Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.
- ★ Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.
- ★ Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.
- ★ Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.
- ★ Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).
- ★ Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.
- ★ Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.
- ★ Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.
- ★ Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.
- ★ Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.
- ★ Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.
- ★ Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.
- ★ Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal,

académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

- ★ Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.
- ★ Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
- ★ Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

v. Actividades de mediación

- ★ Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.
- ★ Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.
- ★ Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.
- ★ Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

c. Mínimos esixibles para o nivel B1

- Pedir que se repita, o significado, a pronuncia, o soletreado.
- Dicir que non se entendeu especificando a parte do discurso que resulta confusa.
- Captar e solicitar a atención.
- Abrir, manter e pechar unha conversa ou unha correspondencia.
- Tomar a palabra, invitar a intervir e ceder a palabra.
- Empregar linguaxes non verbais para facerse entender.
- Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas.
- Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar a propia opinión ou as propias eleccións, para subliñar o contraste, o apoio, a dúbida...
- Empregar un número adecuado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras.
- Achegar o significado dunha palabra que non se coñece engadindo unha especificación a un termo coñecido da mesma categoría.
- Reformular o dito para aclarar un contido.
- Solicitar unha reformulación, unha aclaración ou unha explicación sobre unha parte específica do discurso.
- Verificar a comprensión do interlocutor.
- Identificar sinais de dificultade, disconformidade, aprobación...
- Solicitar ser corrixidos na propia produción e modificala.
- Buscar informacións consultando varios textos.
- Escanear / escoitar diferentes tipos e fontes textuais para buscar informacións específicas.

d. Criterios de cualificación

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na

segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas correspondentes a nivel B1 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación (oral e escrita).

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para certificar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as partes, é dicir 81,25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acadar o mínimo do 65% (81,25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos).

Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

iv. Nivel B2.

Este nivel está integrado por dous cursos: B2.1 e B2.2.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

01.B2.1

1. Obxectivos específicos

a. Actividades de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

d. Actividades de producción e coproducción de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

e. Actividades de mediación oral e escrita

O alumnado será capaz de:

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou

escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

2. Competencias e contidos

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Primeiro cuadrimestre

- Relacións persoais.
- Vida no barrio/pobo. Asociacións. Lugares de reunión.
- Os italianos e o altruísmo.
- A familia no século XXI.
- Os mozos e o traballo.
- As mulleres e o traballo.
- Os cambios sociais vinculados á tecnoloxía.
- Redes sociais e Internet: vantaxes e perigos.

Segundo cuadrimestre

- A nova familia: “famiglia allargata” e “coppia mista”.
- Convivencia e matrimonio.
- Unións civís, parellas de feito, parellas homosexuais.
- O rol dos pais.
- Permiso de maternidade e de paternidade.
- Emigración e traballo.
- Estereotipos e prexuízos raciais. Cambios na sociedade

- A solidariedade.
- Tempo libre e as vacacións dos Italianos, costumes dos italianos en vacacións.
- Festas, tradicións e regalos típicos (Nadal e Fin de Ano).
- Festas familiares, nacementos, matrimonio, festas de licenciatura.
- Problemas ambientais: contaminación e cambio climático.
- Ecoloxía e consumo.
- Asociación ecoloxistas.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e

manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

c. Competencias e contidos funcionais

Primeiro cuadrimestre:

- Falar do traballo.
- Levar a cabo unha entrevista de traballo.
- Expresar opinións sobre a situación laboral do propio país.
- Describir personalidades e cualidades das persoas coas que se traballa.
- Escribir un e-mail de presentación.

- Dar consellos.
- Expresar opinións.
- Queixarse.
- Explicar as propias motivacións, defenderse.
- Escribir unha carta de queixa.
- Contar experiencias pasadas.
- Describir e falar de espectáculos.
- Convencer a alguén para facer algo.
- Expresar acordo ou desacordo.
- Falar dos gustos persoais en materia de tempo libre.

Segundo cuadrimestre:

- Entender unha discusión de tipo argumental sobre o matrimonio.
- Entender un artigo sobre os roles no matrimonio.
- Expresar opinións sobre a familia e sobre os relacións familiares.
- Entender un relato persoal dunha experiencia de inmigración.
- Discutir sobre os prexuízos raciais.
- Indicar a falta de gañas de facer algo.
- Expresar o desacordo.
- Admitir as razóns do interlocutor.
- Toma-lo pelo.
- Ironizar.
- Lembrar a alguén unha promesa feita.
- Expresar preferencias.
- Dar consellos.
- Falar do propio comportamento ante diversas situacións.
- Interromper.
- Formular regras e dar instrucións.
- Expresar obrigacións.
- Expresar hipóteses ou condicións pouco probables.
- Dar consellos.

- Discutir e chegar a acordos.
- Argumentar e contrargumentar.

d. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios.
- Instrucións e indicacións.
- Conversas formais e informais.
- Debates e discusións formais.
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas.
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado.
- Presentacións.
- Cancións.
- Representacións teatrais.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras.
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas.
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómica.
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos.
- Manuais de instrucións.
- Guións.

- Currículo.
- Dicionarios.
- Prospectos.
- Receitas de cociña.
- Adiviñas.
- Biografías.

e. Competencias e contidos sintácticos

Primeiro cuadrimestre

- Subxuntivo presente.
- Construción di+ infinito en contraposición a che+congiuntivo.
- Imperativo. Forma e posición dos pronomes persoais.
- Pronomes relativos.
- Pronomes indefinidos.
- Consecución de tempos do indicativo.
- Verbos impersonais: bisogna, occorre, basta.
- Pronomes combinados de 3ª persoa.
- Xerundio.
- Verbos idiomáticos: cavarsela, fregarsene, farcela.
- Conxuncións de tipo concesivo.
- Forma pasiva.

Segundo cuadrimestre

- Forma pasiva.
- Imperfecto de subxuntivo.
- Periodo hipotético da posibilidade.
- Repaso do condicional simple.
- Conxuncións: nonostante, a condizione che.

- Subxuntivo e indefinidos.
- Expresar hipóteses.
- Nomes plurais irregulares.
- Subxuntivo pasado.
- Subxuntivo e as interrogativas indirectas.
- Subxuntivo e superlativo relativo.
- O xerundio modal e temporal.
- Passato remoto.
- Passato remoto, imperfetto e trapassato prossimo.
- Infinito composto.
- Comparativo e superlativos.
- Ci e ne.
- Verbos pronominais idiomáticos: farcela, approfittarsene.
- Artigos indeterminativos e preposicións.
- Plural dos nomes en -CIA e – GIA.

f. Competencias e contidos léxicos

Primeiro cuadrimestre

- Expresións relativas ás redes sociais e o mundo de Internet.
- Divertimento e tempo libre.
- Aggettivi in –ale, -ile, -oso.
- Adxectivos para describir a personalidade.
- Léxico relativo ao traballo: p.e. profesións.
- Anuncios de traballo.
- Expresións formais para a redacción dun email formal ou cartas de queixa.
- Proverbios.
- Nomes derivados de verbos a través dos sufixos –zione, -mento, -anza.
- Adxectivos en –abile, -ante, e –ivo.

Segundo cuadrimestre

- Medio ambiente. Tráfico e mobilidade, lixo, reciclaxe.
- Nomes derivados de verbos.
- Verbos causativos en –izzare e nome derivados dos mesmos.
- Os adxectivos derivados de nomes.
- Sinais discursivos para expresar acordo, desacordo, incredulidade.
- Conectivos para soste unha argumentación.
- Convivencia e novos conceptos relativos á familia.
- Adopción e acollida.
- Adxectivos para describir a personalidade.
- Coidado dos fillos.
- Inmigración.
- Sinais discursivos para expresar un punto de vista persoal, unha dúbida e un desacordo parcial.
- Conxuncións concesivas.

g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Primeiro cuadrimestre

- Interxeccións: “uffa!, peccato!, coraggio!.
- Sinais discursivos.
- Entoacións nas ordes e nas queixas.
- Pronuncia de sons característicos da lingua italiana.
- As consoantes dobres.

Segundo cuadrimestre

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- Entoación da ironía.
- Entoación das peticións.
- Entoación de estados de ánimo.

3. Temporalización e secuenciación:

Os obxectivos e contidos de B2.1 desenvolveranse a partir das últimas unidades do libro de texto *Nuovo Contatto B1* ata xaneiro. No segundo cuadrimestre e, dado que o *Nuovo contatto B2* non será o libro de texto do vindeiro curso, decidiuse non facer comprar o libro ao alumnado pero si dar todos os contidos previstos a partires da una selección de artigos de actualidade dalgúns xornais italianos como a *Repubblica* e o *Corriere della sera*.

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse dividir o curso escolar en dous cuadrimestres:

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende setembro ata finais de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as unidades 4 e 5 de *Nuovo Contatto B1*.

O segundo cuadrimestre dará inicio no mes de febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre deberanse impartir os contidos previstos a partires de artigos de xornal elexidos polo profesor.

A temporalización das unidades coas que se traballará será a seguinte:

Primeiro cuadrimestre:

- Partirase cunha presentación e repaso en ensino presencial da unidade 3 do libro de texto *Nuovo Contatto B1: Su, dai, usciamo*.
- Primeira unidade (unidade 4 de *Nuovo Contatto B1*): *Come ha saputo di questo lavoro?*
- Segunda unidade (*unidade 5 de Nuovo Contatto B1*): *Che problema c'è?*

Segundo cuadrimestre: (artigos de xornal como material didáctico)

- Terceira unidade : *Ambiente*.
- Cuarta unidade: *La società italiana*.

4. Avaliación e mínimos esixibles

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Avaliación certificadora: Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso deste nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. As probas de certificación

responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Autoavaliación: A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe.

Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodoloxía...)
- A coordinación co resto do profesorado.

b. Criterios de avaliación

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.
- ★ Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.
- ★ Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.
- ★ Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.
- ★ Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou

explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

- ★ Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.
- ★ Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.
- ★ Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.
- ★ Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.
- ★ É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.
- ★ Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.
- ★ Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

- ★ Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
- ★ Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
- ★ Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.
- ★ Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.
- ★ Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.
- ★ Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.
- ★ Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.
- ★ Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis

específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

- ★ É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

v. Actividades de mediación

- ★ Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.
- ★ Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.
- ★ Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.
- ★ Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

c. Mínimos esixibles

- Será capaz de entender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.
- Será quen de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre un tema de interese persoal.
- E capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar.
- Será quen, usando unha lingua estándar, un rexistro formal, de xeito sinxelo e brevemente, de expresar puntos de vista e razoamentos.

- Será capaz de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples.
- Será capaz de seguir as instrucións en textos normativos e con vocabulario específico.
- Será quen de empregar con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos.
- Será capaz de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente.
- Será capaz de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese se están ben organizadas.
- Será capaz de comprender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.
- Será quen de facer breves presentacións preparadas previamente sobre temas do seu interese, en lingua estándar, claras e estruturadas.
- Será quen de reelaborar, e sintetizar oralmente a información de diversas fontes.
- Será quen de comprender o esencial e algúns detalles en interaccións escritas nas que se fagan reclamacións, queixas ou peticións, sobre temas que lle resulten próximos
- Será quen de escribir correspondencia breve e sinxela expresando sentimentos, desexos e reaccións de xeito axeitado á situación.
- Será quen de escribir pequenas recensións usando vocabulario específico do nivel.
- Será quen de reelaborar, e sintetizar por escrito a información de diversas fontes.
- Será quen de simplificar a información para que as persoas destinatarias a entendan.
- Será capaz de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas.
- É capaz de seguir as argumentacións.

- Será quen de realizar transaccións cotiás, expresando agrado ou desagrado ou explicando un problema.
- Será quen de contar ou describir temas do seu interese en lingua estándar.
- Será quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.
- Será capaz de resumir a información doutros textos de xeito simple.
- Será capaz de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente.
- Será capaz de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas.
- Será capaz de comprender textos con informacións precisas, aínda que as condicións acústicas non sexan excelentes.
- Será quen de pronunciar e entoar, con acento estranxeiro, de xeito claro e natural.
- Será quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.
- Será capaz de tomar notas e redactar informes breves e sinxelos, informando sobre os feitos e desenvolvendo os aspectos negativos e positivos.
- Será quen de adaptar documentos claros e en lingua estándar de medios de comunicación.
- Será capaz de expresar o que quere dicir con suficiente claridade mediante recursos lingüísticos abondo adecuados
- Será quen de identificar a intención de textos sobre acordos, comprender o seu vocabulario e de reaccionar.
- Será quen de escribir textos narrativos e descritivos coherentes, estruturados e de xeito sinxelo.
- Será quen de reelaborar, e sintetizar por escrito a información de diversas fontes.

- Será quen de organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia
- Será quen de comprender conversas sobre medio ambiente a velocidade normal e ben organizadas.
- Será quen de iniciar, manter e rematar unha conversa sobre temas do seu interese.
- Será quen de comprender o contido principal de artigos sobre a sociedade italiana.
- Será quen de producir un texto adecuado á situación lingüística requerida.

d. Criterios de avaliación

O alumnado matriculado nos cursos non terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de proba (de progreso) ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuatrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas correspondentes a nivel B2.1 realizaranse tendo en conta a estrutura das probas certificadoras do nivel B2, é dicir, estruturaranse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación (oral e escrita).

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para certificar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e,

ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as parte, é dicir 81,25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81,25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos).

Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

02. B2.2.

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

b. Actividades de producción e coproducción de textos orais

O alumnado será quen de:

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

- Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

e. Actividades de mediación oral e escrita

O alumnado será capaz de:

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- Coñecemento do sistema educativo italiano.
- Identificación e respecto dos rexistros adecuados á situación e á canle empregadas.
- Novas tendencias na alimentación: raw food, slow food...
- A cociña italiana.
- Os medios de comunicación en Italia.
- Italia na era de Internet.

- Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos.
- A linguaxe corporal.
- O cinema en Italia.
- Identificación de elementos socioculturais presentes nos filmes.
- Contraste dos elementos socioculturais da cultura obxecto de estudo coa propia cultura.
- Rexións italianas.
- Estereotipos sobre Italia e os italianos e outras nacionalidades.
- Introducción ás diferencias máis ou menos marcadas entre o Norte e o Sur de Italia.
- Xesticulación italiana.
- Premios Nobel italianos.
- Festivais literarios.
- Achegas italianas á cultura mundial: grandes obras de arte, invencións,...
- Tutela do patrimonio.
- O consumo de alimentos en Italia: lugares, produtos, criterios para a compra, estilo de consumo.
- Grupos de compra solidaria e consumo crítico.
- Formas de aforrar.
- O consumo do entretemento en Italia: novas formas de gozar o cinema.
- Cinema italiano: xéneros e principais fitos do cinema italiano.
- Comida no cinema italiano.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...).
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

c. Competencias e contidos funcionais

- Expresar a propia opinión con claridade e argumentado a propia elección.
- Expresar acordo e desacordo.
- Expresar pena, estupor e incredulidade.
- Narrar un acontecemento pasado relacionado cos recordos da escola.
- Describir persoas e estados de ánimo.
- Describir un prato.
- Describir con precisión unha receita.
- Falar da nosa relación coa comida.
- Expresar a propia opinión sobre temas relacionados coa alimentación e a gastronomía.
- Expresar a propia opinión sobre trastornos alimentarios.
- Expresar acordo e desacordo.
- Transmitir e referir informacións.
- Expresar porcentaxes e estatísticas e comentalas.
- Narrar un feito.
- Argumentar e defender o propio punto de vista en contextos formais.
- Comparar.
- Expresar emocións.
- Describir o físico e o carácter dunha persoa.
- Lamentarse.
- Facer hipóteses.
- Entrevistar unha persoa.
- Expresar os propios gustos e preferencias en relación co cinema.
- Expresar opinións sobre filmes.
- Expresarse con ironía.

- Contar a trama dun filme.
- Facer unha recensión dun filme.
- Criticar.
- Atenuar unha afirmación anterior.
- Debater sobre a información recibida.
- Dar consellos argumentados.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Falar de gustos cinematográficos.
- Facer a recensión dun filme.
- Facer hipóteses reais, posibles e irreais.
- Facer suposicións sobre feitos pasados.
- Debater para chegar a un acordo.
- Describir os costumes e preferencias.
- Dar instrucións e recomendar.

d. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios.
- Instrucións e indicacións.
- Conversas formais e informais.
- Debates e discusións formais.
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas.
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado.
- Presentacións.
- Cancións.
- Representacións teatrais.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras.
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas.
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómica.
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos.
- Manuais de instrucións.
- Guións.
- Currículo.
- Dicionarios.
- Prospectos.
- Receitas de cociña.
- Adiviñas.
- Biografías.

e. Competencias e contidos sintácticos

- Uso do auxiliar co *passato prossimo*.
- Verbos con dobre auxiliar co *passato prossimo*.
- Algúns verbos pronominais como *cavarsela, entrarci*...
- Repaso dos tempos pasados do indicativo: *passato prossimo*, imperfecto, *passato remoto*...
- Repaso dos pronomes relativos. Introducción dos pronomes relativos dobres: *chi, ciò che*.
- Os indefinidos. Repaso e ampliación.
- Futuro anterior.

- Subxuntivo cos indefinidos.
- Estrutura da frase: *dislocazione a sinistra*.
- A voz pasiva. Repaso e ampliación: *o si passivante*.
- A rexencia preposicional dalgúns verbos.
- Adverbios de tempo. Repaso e ampliación.
- Discurso indirecto.
- Os numerais como substantivos.
- Uso do condicional para referir unha noticia pouco segura.
- A expresión non perché + subxuntivo.
- As interrogativas indirectas.
- As comparacións. Repaso.
- Adxectivos que derivan de substantivos.
- Os substantivos abstractos.
- A posposición do posesivo. O posesivo *proprio*.
- Prefixos de negación.
- Verbos impersoais e o SI impersoal.
- Repaso dos pronomes relativos.
- O pronome *cui* como complemento de especificación.
- O *trapassato* do subxuntivo.
- Concordancias do subxuntivo: contemporaneidade e anterioridade.
- O uso do subxuntivo nas interrogativas indirectas.
- Discurso indirecto.
- Repaso das partículas *ci* e *ne*.
- Xerundio simple e composto.
- Periodo hipotético: realidade, posibilidade e irrealdade.
- Futuro composto con valor temporal.

f. Competencias e contidos léxicos

- Educación: títulos, diplomas, sistema educativo.
- Actividades escolares, servizos de educación (inscrición, solicitude de bolsa...)
- Identificación persoal: recordos da escola.

- Alimentación: descrición dun prato, utensilios de cociña, receitas.
- Saúde e coidados físicos: trastornos alimentarios..
- Ciencia e tecnoloxía: Internet, as redes sociais e os medios de comunicación. Repaso e ampliación.
- Identificación persoal: estados de ánimo, sensacións, descrición física e do carácter.
- Relacións humanas e sociais: relacións interpersoais e conflitos.
- Tempo libre e actualidade: o cine.
- Periodos histórico-culturais.
- Actividades artísticas e léxico a elas apareladas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- Introducción ao léxico da informática.
- Sinais discursivos con varias funcións (solicitar, consultar, expresar sorpresa, atenuar o tono dunha resposta, argumentar,...)
- Consumos alimentarios e novas formas de consumo.
- Expresión da cantidade a través de varias categorías de palabras: adexectivos, nomes, verbos,...
- Expresións idiomáticas relativas aos cartos.
- Profesións relacionadas co cinema e con outras formas de expresión artística.

g. Competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- Adecuación da entoación para acadar as intencións comunicativas.
- Reforzo e práctica dos sons que presentan maior dificultade.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A puntuación: os dous puntos, as aspas.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.

3. Temporalización e secuenciación:

Os obxectivos e contidos do Intermedio B2.2 desenvolveranse a partir das 6 unidades do libro de texto *Nuovo Contatto B2*:

- Primeira unidade (unidade introdutiva do libro *Nuovo Contatto B2*): *Pronti e via*. Setembro-outubro.
- Segunda unidade (unidade 1 do libro *Nuovo Contatto B2*): *S.O.S. Ambiente*. Outubro-novembro.
- Terceira unidade (unidade 2 do libro *Nuovo Contatto B2*): *Come cambia la società italiana*. Decembro-xaneiro.
- Terceira unidade (unidade 3 do libro de *Nuovo Contatto B2*): *Media e dintorni*. Febreiro-marzo.
- Cuarta unidade (unidade 4 do libro de *Nuovo Contatto B2*): *Il patrimonio culturale*. Marzo-abril.
- Quinta unidade (unidade 5 do libro *Nuovo Contatto B2*): *Come sono cambiati i consumi degli italiani*. Abril-maio.

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse organizar, didacticamente, o curso escolar en dous cuadrimestres:

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende finais de setembro ata o 31 de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as unidades 0,1 e 2 de *Nuovo Contatto B2*.

O segundo cuadrimestre dará inicio en febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre impartiranse as unidades 3, 4 e 5 do libro de texto *Nuovo Contatto B2*.

4. Avaliación e mínimos esixibles:

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación inicial. Servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. Aplicaremos esta avaliación inicial propoñendo

tarefas e actividades de todas as actividades de lingua presencialmente, na aula, ou na aula virtual, para analizar as fortalezas e debilidades do alumnado e programar así actividades que axuden a reparar as necesidades detectadas. Así mesmo, realizaremos un repaso inicial de contidos en todos os niveis, habitual durante as primeiras semanas do curso e incluído nas unidades introdutorias de cadanseu nivel.

Avaliación de progreso ou formativa. Permite observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través dela axudamos os estudantes a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. As devanditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a acadar.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto estudantes como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Levarase a cabo, periodicamente (se é posible ao final de cada unidade) unha avaliación de progreso mediante a realización de tarefas de índole variada (test gramaticais, tarefas de produción escrita, propostas de produción oral, textos orais e escritos...) que permitan coñecer o índice de progreso do alumnado

nas diferentes actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e detectar eventuais dificultades nas súas primeiras fases.

Avaliación certificadora. Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente B2.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos. Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de Formación Profesional na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoicoruna/node/231>

Autoavaliación. Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíe a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe. Ademais, axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta algúns aspectos tales como a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado, a aprendizaxe que acadou e debería ter acadado o alumnado ou o desenvolvemento da programación, entre outros. Entre os instrumentos máis salientables desta avaliación están os propios recursos que ofrecen os libros de textos seleccionados para levar a cabo o curso.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.
- ★ Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara. Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

- ★ Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

ii. **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

- ★ Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media. Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.
- ★ Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.
- ★ Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.
- ★ Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.
- ★ Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.
- ★ É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.
- ★ Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

- ★ Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

iii. **Actividades de comprensión de textos escritos**

- ★ Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
- ★ Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
- ★ Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
- ★ Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

iv. **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

- ★ Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.
- ★ Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

- ★ Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.
- ★ Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.
- ★ Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel. Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.
- ★ É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

v. Actividades de mediación

- ★ Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar. Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.
- ★ Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.
- ★ Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

c. Mínimos esixibles para o nivel B2

- Comezar, manter e concluír un discurso de xeito apropiado empregando con eficacia os turnos de palabra.
- Empregar frases feitas para gañar tempo e conservar o turno de palabra, mentres se trata de (re)formular o que se quere dicir.
- Formular preguntas sobre os detalles para controlar a comprensión sobre o expresado polo interlocutor e poder aclarar os puntos ambiguos.
- Contribuír ao desenvolvemento da discusión formulando enunciados que demostren a comprensión, sostendo o propio razoamento a través de afirmacións e inferencias.
- Contribuír a soste unha conversa en contexto familiar Adecuar o que se di e o modo de expresión á situación e ao destinatario.
- Formular o que se quere dicir de diversos xeitos adaptándose aos cambios na conversa.
- Empregar circunloquios e paráfrases para superar as lagoas lexicais e estruturais.
- Corrixir erros percibidos ou que poidan provocar malentendidos.
- Tomar notas dos propios erros recorrentes e controlar de xeito consciente o discurso para evitalos.
- escoitar concentrándose sobre elementos principais, controlar a comprensión empregando indicios contextuais.

d. Criterios de cualificación

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuatrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas correspondentes a nivel B2 estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación (oral e escrita).

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para certificar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as partes, é dicir 81,25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81,25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos).

Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

c. Nivel Avanzado: C1 e C2

i. Definición do nivel

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel C (C1 e C2), segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa. Este nivel ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, e riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de

distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

ii. Obxectivos xerais

Nivel C1

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada. O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Nivel C2

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez. O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de

expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e trasladar matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Nivel C1

- Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.
- Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.
- Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do

seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

- Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha 94 conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

Nivel C2

- Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.
- Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

- Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.
- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- 95 sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como trasladar en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para trasladar con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

iii. Nivel C1

A definición do nivel, dos obxectivos xerais e específicos e dos criterios de avaliación para os dous cursos deste nivel avanzado C1 son comúns.

01. Nivel C1.1

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión. Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

- Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de

carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

d. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será quen de:

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

e. Actividades de mediación oral e escrita.

O alumnado será quen de:

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Primeiro cuadrimestre

- Características das cidades italianas
- A literatura infantil
- A familia en Italia.
- As relacións sociais en Italia.
- A escola italiana
- A relacións dos italianos coa tecnoloxía
- O *calcio* e outras disciplinas deportivas en Italia

Segundo cuadrimestre

- A realidade laboral en Italia.
- A televisión italiana.
- A protección ambiental.
- A cultura da alimentación e os produtos falsificados.
- O xogo e a ludopatía

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc..

c. Competencias e contidos funcionais

Primerio cuadrimestre

- Comunicar nun rexistro coloquial.
- Expresar o énfase en base ao contexto.
- Defender o propio punto de vista e por en dúbida o contrario. Rebater.
- Entender textos de narrativa contemporánea.
- Evitar a vulgaridade.
- Expresar intencións, consellos e desexos.
- Recoñecer algunhas variantes rexionais do italiano.
- Expresar e comprender a ironía.
- Expresar emocións, ordes, concesións, esperanzas, dúbidas, hipóteses.
- Construír descripcións e narracións cohesionadas e precisas dun evento ou unha serie de eventos.
- Expresar previsións e intencións futuras dende o punto de vista do pasado.
- Lamentarse por feitos pasados, presentes ou futuros.
- Intensificar elementos da frase mediante o uso de certos adxetivos.

Segundo cuadrimestre

- Decatarse de certas formas incorrectas presentes no italiano coloquial.
- Usar frases enunciativas e exclamativas.
- Expresar a causa e a temporalidade en modo implícito.
- Usar formas cristalizadas.
- Definir persoas polo aspecto.
- Expresar unha opinión ou preferencia.
- Comentar datos estatísticos.
- Expresar un concepto de forma redundante.
- Expresar unha opinión de maneira atenuada.
- Reforzar un concepto.
- Reproducir ordes proferidas no pasado e máis expresións relativas ao tempo.
- Usar formas idiomáticas para intensificar adxectivos.
- Falar da propia aprendizaxe lingüística.

d. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais

- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada.
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.
- Instrucións extensas.
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade.
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática.
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica.
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios.
- Textos que poidan amosar trazos non normativos.
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral.
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.
- Textos ensaísticos.

e. Competencias e contidos sintácticos

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

Primeiro cuadrimestre

- A formación do superlativo dos adxetivos mediante certos prefixos (arci-, stra-,
- super-, iper-)

- Os prefixos de intensidade en verbos e adverbios.
- O futuro simple e anterior en frases negativas.
- O subxuntivo en frasi dislocate. A frase escindida explícita e implícita. A frase pseudoescindida. A frase escindida interrogativa e temporal.
- O trapassato remoto.
- A concordancia de tempos do subxuntivos no eixo da anterioridade.
- Os verbos defectivos do participio passato.
- A concordancia de tempos co verbo principal en modo condicional.
- Usos rexionais dos verbos essere, stare, avere e tenere.
- O subxuntivo exortativo, dubitativo e optativo.
- Usos do participio presente e pasado. O participio pasado nas subordinadas implícitas.
- Diferenzas entre futuro simple e condicional composto para expresar a posterioridade.
- O subxuntivo imperfecto e trapassato rexidos por un verbo condicional composto.
- A posición do adverbio.
- As preposicións articolate.

Segundo cuadrimestre

- O Che polivante. O Che polivante de tempo e lugar.
- Os pronomes relativos dobres: Chi e Quanto.
- Variantes lingüísticas e estilísticas do período hipotético.
- Frases temporais e causais introducidas por Se.
- O infinitivo presente e pasado.
- O xerundio absoluto. O xerundio en formas cristalizadas. A posición do suxeito respecto ao xerundio.
- O infinitivo rexido polas preposicións Da e Per. Outros usos de Da.
- A Dislocazione a destra.
- O período hipotético con hipóteses implícitas.
- O conectivos hipotéticos.
- O non pleonástico.

- Uso de "Non solo...,a anche" e "Non è che...però"
- Os superlativos idiomáticos.
- Verbos pronominais.
- O imperativo no discurso indirecto.

f. Competencias e contidos léxicos

Primeiro cuadrimestre

- Expresións coloquiais para referirse á boa e á mala sorte.
- Latinismos de uso común.
- Adxetivos para describir unha persoa. Positivos, negativos e neutros.
- Termos relativos á literatura.
- Expresións adversativas.
- Termos específicos da arte.
- Adxectivos para describir as obras de arte e as emocións provocadas por elas.

Segundo cuadrimestre

- Termos ligados á música.
- Adxectivos específicos para describir pezas musicais.
- Xogos de palabras habituais en italiano.
- Palabras homógrafas.
- Léxico da moda.
- Expresións e adxectivos ligados á roupa.
- Léxico da maquillaxe.
- Expresións idiomáticas derivadas da xestualidade.
- Termos ligados ao teatro.
- Termos ligados á ópera.
- Verbos específicos da linguaxe teatral.
- Termos do mundo do traballo.
- - Vocabulario e expresións vencelladas á condición feminina.
- Termos metalingüísticos.
- Vocabulario da esfera do debate e a confrontación de opinións.

g. Competencias e contido fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.

Primeiro cuadrimestre

- A entoación axeitada para expresar ironía, dúbida, sorpresa e rabia.
- A curva prosódica e o énfase. A entoación das frases escindidas.
- Fonética básica das principais variantes rexionais do italiano.

Segundo cuadrimestre

- Recursos entoativos ligados a formas do énfase.
- A pronunciación con *raddoppiamento fonosintattico*.
- Palabras homógrafas.

3. Temporalización e secuenciación

Os obxectivos e contidos de C1.1. desenvolveranse a partir de 15 unidades do libro de texto *Nuovissimo Progetto Italiano 3*:

- Primeira unidade (unidade 1 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Italia e italiani*
- Segunda unidade (unidade 2 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *C'era una volta*
- Terceira unidade (unidade 3 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Genitori e figli*
- Cuarta unidade (unidade 4 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *A caccia di amici*
- Quinta unidade (unidade 5 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Cari animali*
- Sexta unidade (unidade 6 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Gli esami non finiscono mai*
- Sétima unidade (unidade 7 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Cellulari che passione*
- Oitava unidade (unidade 8 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Siamo tutti tifosi*
- Novena unidade (unidade 9 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Che bella coppia*

- Décima unidade (unidade 10 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Il lavoro nobilita l'uomo...e la donna.*
- Undécima unidade (unidade 11 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Programmi televisivi e pubblicità*
- Duodécima unidade (unidade 12 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Gossip e privacy*
- Décima terceira unidade (unidade 13 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Stop alle auto*
- Décimo cuarta unidade (unidade 14 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Il falso a tavola*
- Décimo quinta unidade (unidade 15 de *Nuovissimo Progetto Italiano 3*): *Giochi pericolosi*

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse dividir o curso escolar en dous cuatrimestres:

O primeiro cuatrimestre comprenderá dende o 11 de setembro ata o 31 decembro. Neste cuatrimestre impartiranse as primeiras oito unidades do libro de texto *Nuovissimo Progetto Italiano 3* citadas arriba.

O segundo cuatrimestre dará inicio en xaneiro e rematará no mes de maio. Neste cuatrimestre deberanse impartir as sete derradeiras unidades do libro de texto *Nuovissimo Progetto Italiano 3*.

4. Avaliación e mínimos esixibles:

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto comprobar e cualificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Avaliación certificadora: Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso deste nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Autoavaliación: A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser

responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización, etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas que lle permite apreciar con facilidade diferenzas de rexistro e as sutilezas propias da comunicación oral nas culturas, comunidades de práctica e grupos nos que se fala o idioma.
- ★ Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.
- ★ Recoñece, segundo o contexto específico, a intención e significación dun amplo repertorio de expoñentes das funcións comunicativas ou

actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

- ★ É capaz de seguir un discurso extenso incluso cando non está claramente estruturado e cando as relacións son só supostas e non están sinaladas explicitamente.
- ★ É o bastante hábil como para utilizar as claves contextuais, discursivas, gramaticais e léxicas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e prever o que vai ocorrer.
- ★ Recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que é posible que necesite confirmar algúns detalles se o acento non lle resulta familiar.
- ★ Distingue unha ampla gama de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación, o que lle permite comprender a calquera falante ou persoa interlocutora, aínda que é posible que teña que confirmar algúns detalles cando o acento lle resulta descoñecido.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao/á receptor/a, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- ★ Mostra un dominio das estratexias discursivas e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa, p. ex., utiliza espontaneamente unha serie de expresións adecuadas para ganar tempo mentres reflexiona sen perder a súa quenda de palabra, substitúe por outra unha expresión que non lembra sen que o seu interlocutor ou a súa interlocutora se dea conta, sortea unha dificultade cando se atopa con ela e volve a formular o que quere dicir sen interromper totalmente a fluidez do discurso, ou corrixe os seus lapsos e cambia a expresión, se dá lugar a malentendidos.

- ★ Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- ★ Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos e as críticas dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras de maneira convincente e sen ofender, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada.
- ★ Utiliza os expoñentes orais das funcións comunicativas máis adecuados para cada contexto específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ Estrutura ben e claramente o seu discurso mostrando un uso adecuado de criterios de organización e un bo dominio dunha ampla gama de conectores e mecanismos de cohesión propios da lingua oral segundo o xénero e tipo textual.
- ★ Manifesta un alto grao de corrección gramatical de modo consistente e os seus erros son escasos e apenas apreciables.
- ★ Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permite superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios, aínda que poida cometer pequenos e esporádicos deslices, pero sen erros importantes de vocabulario e sen que apenas se note que busca expresións ou que utiliza estratexias de evitación.
- ★ Ten unha capacidade articulatória próxima a algunha(s) das variedades estándar propias da lingua meta e varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices sutís de significado.
- ★ Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo; só un tema conceptualmente difícil pode obstaculizar un discurso fluído e natural.
- ★ Elixen unha frase apropiada dunha serie de posibles enunciados do discurso para introducir os seus comentarios adecuadamente co fin de

tomar a palabra ou ganar tempo para manter o uso da palabra mentres pensa.

- ★ É capaz de aproveitar o que di a persoa interlocutora para intervir na conversa.
- ★ Relaciona con destreza a súa contribución coa doutros/as falantes.
- ★ Adecúa as súas intervencións ás dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras para que a comunicación flúa sen dificultade.
- ★ Formula preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue a aclaración dos aspectos ambiguos.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas, incluíndo aspectos sociopolíticos e históricos, que lle permite apreciar con facilidade o transfundo e os trazos idiosincráticos da comunicación escrita nas culturas, comunidades de práctica e grupos en que se utiliza o idioma.
- ★ Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e sacar as conclusións apropiadas.
- ★ Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos sobre unha ampla serie de temas profesionais ou académicos e decide se é oportuna unha lectura e análise máis profundas.
- ★ Busca con rapidez en textos extensos e complexos para localizar detalles relevantes.
- ★ Recoñece, segundo o contexto, o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e significación dunha ampla variedade de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente

estruturado ou no cal as relacións e conexións non están expresadas, ou non sempre se expresan, de maneira clara e con marcadores explícitos.

- ★ Domina un amplo repertorio léxico escrito, recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que en ocasións é posible que necesite consultar un dicionario, ben de carácter xeral, ben especializado.
- ★ Comprende os significados e as funcións asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas propias da lingua escrita segundo o contexto e o xénero e tipo textuais, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico (inversión ou cambio da orde das palabras).
- ★ Comprende as intencións comunicativas que subxacen tras o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas da lingua meta, tanto en soporte papel como dixital.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Adapta o que di e os medios de expresalo á situación, á persoa receptora, ao tema e ao tipo de texto, e adopta un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, aplicando os seus coñecementos e competencias socioculturais e sociolingüísticos con facilidade para establecer diferenzas de rexistro e estilo e para adecuar con eficacia o texto escrito ás convencións establecidas nas culturas e comunidades de lingua meta respectivas, elixindo unha formulación apropiada entre unha ampla serie de elementos lingüísticos para expresarse con claridade e sen ter que limitar o que quere dicir.
- ★ Aplica con soltura as estratexias máis adecuadas para elaborar os distintos textos escritos complexos que lle demanda o contexto específico e planifica o que hai que dicir e os medios para dicilo considerando o efecto que pode producir no/a lector/a.
- ★ Utiliza os expoñentes escritos das funcións comunicativas máis apropiados para cada contexto, tanto a través de actos de fala indirectos

como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).

- ★ Aмосa control das estruturas organizativas textuais e dos mecanismos complexos de cohesión do texto escrito e pode ilustrar os seus razoamentos con exemplos pormenorizados e precisar as súas afirmacións e opinións de acordo coas súas diversas intencións comunicativas en cada caso.
- ★ Utiliza unha ampla gama de estruturas sintácticas que lle permiten expresarse por escrito con precisión e mantén un alto grao de corrección gramatical de modo consistente; os erros son escasos e practicamente inapreciables.
- ★ Posúe un amplo repertorio léxico escrito que inclúe expresións idiomáticas e coloquialismos e que lle permite mostrar un alto grao de precisión, superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios e non cometer máis que pequenos e esporádicos deslices no uso do vocabulario.
- ★ Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta para producir textos escritos nos cales a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son consistentes e prácticas e nos cales a ortografía é correcta, salvo deslices tipográficos de carácter esporádico.

v. Actividades de mediación

- ★ Posúe un coñecemento amplo e concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas e das comunidades de práctica en que se fala o idioma, incluídas as sutilezas e implicacións das actitudes que reflicten os seus usos e os seus valores e intégraas con facilidade na súa competencia intercultural xunto coas convencións das súas propias linguas e culturas, o que lle permite extraer as conclusións e relacións apropiadas e actuar en consecuencia, nunha ampla gama de rexistros e estilos, coa debida flexibilidade segundo as circunstancias, e con eficacia.

- ★ Aplica con soltura as estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas receptoras e á canle de comunicación, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- ★ Produce un texto coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.
- ★ Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións de acordo co ámbito e co contexto comunicativos, p. ex., nun texto académico.
- ★ Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e das necesidades das persoas destinatarias.
- ★ Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, indicando a súa comprensión e interese; elaborando, ou pedíndolles ás partes que elaboren o dito con información detallada ou ideas relevantes; axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; volvendo sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución do problema ou do conflito en cuestión.

c. Mínimos esixibles para o nivel C1.1

- É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.
- É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.
- É quen de seguir un discurso extenso estruturado ou non claramente estruturado.
- É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, necesitando repetición se ten dificultades co acento.
- É quen de percibir a meirande parte das variedades fonético-fonolóxicas estándares propias da lingua e recoñecer algúns matices de significado.

- É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible.
- É capaz de utilizar un rexistro formal ou informal dependendo do interlocutor ou da situación.
- É quen de expresar o que quere dicir e superar as dificultades ocasionais que poida ter.
- É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e bastante ben estruturada.
- É capaz de expresarse cun bo grao de corrección.
- É quen de usar un bo repertorio léxico, incluíndo algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permitirán superar as súas carencias.
- É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.
- É capaz de producir un texto oral adecuado, usando conectores e mecanismos de cohesión apropiados a partir dunha diversidade de textos fonte.
- É quen de transmitir oralmente e claramente os puntos máis relevantes dos textos fonte e algúns detalles que considere importantes.
- É capaz de entender o que se pretende ou o que se lle require na maioría dos casos.
- É quen de identificar o contido e a importancia de textos sobre os medios de comunicación ou o cine.
- É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos.
- É quen de comprender os significados asociados a unha boa gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
- É quen de comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha boa gama de convencións ortotipográficas.
- É quen de escribir textos bastante complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión.
- É quen de redactar un texto e adaptalo á situación.

- É quen de presentar ideas e puntos de vista destacándoos, diferenciándoos e eliminando a maioría das ambigüidades.
- É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permitan expresarse con bastante precisión, e manter un bo grao de corrección.
- É capaz de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan eficaces. A ortografía será bastante correcta e sen erros sistemáticos.
- É quen de adaptar os textos ao propósito comunicativo, case sen alterar a información e as posturas orixinais.
- É quen de producir un texto escrito bastante coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- É quen de transmitir por escrito os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes.
- É capaz de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- É capaz de producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como algúns dos os detalles que considere importantes.

d. Criterios de cualificación

Neste curso non terminal de C1.1 levarase a cabo un exame final, de promoción, que servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades

de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Seguindo os criterios establecidos para o nivel avanzado C1, a puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

02. Nivel C1.2

1. Obxectivos específicos:

a. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será quen de:

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

b. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será quen de:

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión. Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma,

expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

c. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

d. Actividades de producción e coproducción de textos escritos

O alumnado será quen de:

- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

e. Actividades de mediación oral e escrita.

O alumnado será quen de:

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

2. Competencias e contidos:

a. Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos

- A importancia da tecnoloxía na sociedade actual.
- Biografía de personaxes famosos.
- Épocas históricas do País.
- A situación económica actual.
- Fenómenos migratorios e integración.
- O fenómeno da mafia na sociedade.
- A importancia da lectura.
- A arte actual.
- O cinema italiano.
- Vitalidade e consideración do dialecto na Italia de hoxe.

b. Competencias e contidos estratéxicos

As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

As **estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc..

c. Competencias e contidos funcionais

- Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:
- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...
- Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse.
- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...
- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...
- Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

d. Competencias e contidos discursivos

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos

- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada.
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.
- Instrucións extensas.
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade.
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática.
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica.
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios.
- Textos que poidan amosar trazos non normativos.
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral.

- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.
- Textos ensaísticos.

e. Competencias e contidos sintácticos

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- O pronome CI.
- O pronome NE.
- Oracións comparativas: introdución do segundo termo con *di*, *che*, *rispetto a*.
- O imperfecto narrativo.
- O condicional de rumor da lingua xornalística.
- Formas impersoais típicas da exposición: *si impersonale*, *si passivante*, verbos impersoais.
- *A dislocazione* á esquerda (*L'auto l'ho prestata a Rodolfo*) e á dereita (*L'ho prestata a Rodolfo, l'auto*).
- O participio presente.
- O participio usado como frase relativa e temporal;
- A frase *scissa*: **È al nord che nascono le imprese*;
- Pronomes combinados con *si impersonale* (*le si cerca*);
- Os verbos causativos: *fare e lasciare*;
- O subxuntivo usado en frases independentes: *che vinca il migliore*;
- O infinitivo substantivado.
- Formación de palabras: derivación e composición.
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos.
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso.
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos.
- Usos sintácticos complexos.

- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde.
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

f. Competencias e contidos léxicos

- Os nomes en – ismo.
- A linguaxe da estatística, cifras e datos.
- A linguaxe da publicidade.
- A linguaxe da arte.
- Os préstamos do inglés.
- A lingua da mocidade.
- O léxico relativo ao mundo do traballo: os contrato, a economía...
- A lingua da universidade.
- A literatura e os xéneros literarios.

g. Competencias e contido fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.

- Recoñecemento e produción dos fonemas: insistencia nos fonemas que presentan maior dificultade ([dz], [ts], [dʒ], [tʃ], [ʃ], [ʌ, [η], [s], [z]).
- Fonemas vocálicos. Distinción e articulación dos fonemas vocálicos, nas distintas posicións: vogais abertas e pechadas. Pronuncia das vogais en ditongos ascendentes (piano, fiume, guerra) ou descendentes (voi, altrui neurologo, cui), triptongos (guai, aiuole, irrequieto) e hiatos (corteo, caffeina, beato).
- Fonemas consonánticos: insistencia na distinción das distintas oposicións en relación co punto de articulación ([l] (/ /), a vibración das cordas vogais ([s] - [z], [f] - [v]) e o modo de articulación ([ʌ - [η]; ([b] - [d]).
- Recoñecemento e pronuncia de semiconsoantes [j] e [w] e semivogais [i] e [ou] (yatch / jɔ t/, whisky /' wiski/).

- Acento de intensidade e recoñecemento das sílabas tónicas con especial atención aos casos que ofrecen máis dúbida (* baía/ báia; *oási/ óasi; atmosfera/ atmósfera). Recoñecemento e pronuncia de sílabas tónicas con e sen acento gráfico.
- Pronuncia das palabras estranxeiras frecuentes do nivel (budget).
- Correspondencia entre as unidades melódicas e a puntuación: entoación correspondente aos dous puntos, o punto e coma, os puntos suspensivos e a paréntese.
- Consoantes dobres: insistencia na pronuncia ([r] - [rr]).
- A intensificación sintáctica despois de monosílabos, de polisílabos agudos, e dalgunhas palabras graves (come, dove, qualche, sopra, ogni), despois dos monosílabos que levan acento gráfico (è, già, dà, nè, può); despois dalgúns monosílabos non acentuados (e, fa, fra, ha, ho, ma, etc.).
- Recoñecemento da relaxación articulatoria en linguaxe familiar e coloquial.
- Ampliación da elisión. Uso escrito e falado. Casos de libre elección (M'ha detto; Se n' è andato).
- Ampliación do apócope. Uso escrito e falado. Apócope silábico e vocálico (or ora). Uso facultativo (andar/ andare via; siam/ou stati).
- A división en sílabas: grupos consonánticos inseparables: dígrafos e trígrafos (ra- gio- ne; bre- scia-no), ditongos (fiam- ma; feu- do).
- Entoación: identificación e produción dos patróns característicos da entoación enunciativa (afirmativa e negativa), distinguindo tipos de aseveración (ordinaria, categórica, con insinuación, con incerteza); da entoación interrogativa xeral.
- Entoación para as funcións comunicativas traballadas. Modulacións propias de funcións comunicativas específicas: alegría, ameaza, furia, humor, ironía, sorpresa, tristeza.
- Correspondencia entre a distribución de pausas e a estrutura sintáctica e informativa.
- Grupos fónicos: acentos – atonicidade e entoación. Ritmo e pausas.

- Categorias gramaticais tónicas (verbos, substantivos, adxectivos, pronomes tónicos...) e átonas (artigos, preposicións, conxuncións). Agrupacións que normalmente non admiten pausas (artigo e nome; nome e adxectivo; adxectivo e nome; verbo e adverbio; verbo e pronome átono; adverbio e adxectivo; adverbio e adverbio; formas verbais compostas e perífrasis verbais; a preposición co seu termo).
- Ampliación da correspondencia entre fonemas e letras con especial atención aos dígrafos e trígrafos. Casos nos que o grupo gli- non é trígrafo (glicerina, glicine, negligenza). Casos de i sen valor aparente: Consolidación de plurais: 1ªpersoa plural de indicativo e subxuntivo (segniamo), 2ª persoa plural do subxuntivo (segniate), nalgunhas palabras specie, effigie, superficie, terminación - ciente).
- Ampliación de signos auxiliares: acentos, apóstrofo.
- Consolidación dos usos principais doutros signos de puntuación: puntos suspensivos, interrogación, exclamación, paréntese, guión, raia, comiñas, apóstrofo.
- Usos discursivos dos distintos tipos de letras (normal, cursiva, negrita, subliñado).
- Expresión de cifras e números: casos de escritura das cantidades en cifras, e casos de escritura en letras.
- División de palabras a final de liña: grupos vocálicos e consonánticos separables e inseparables; separación de palabras con prefixos e sufixos.
- Uso das maiúsculas iniciais en nomes de individuos, realidades únicas, lugares xeográficos, nomes de entidades, obras artísticas, literarias, musicais. A maiúscula de respecto (RingranziandoLa, Le porgo distinti saluti).
- Acentos. Regras xerais de acentuación gráfica.
- Abreviaturas, siglas e símbolos do nivel (CGIL, CISL, PDL, CNR).

3. Temporalización e secuenciación

Os obxectivos e contidos do avanzado C1.2 desenvolveranse a partir da unidade 16 do libro de texto *Nuovissimo Progetto italiano 3*.

Para o ano académico 2024-2025, a pesar da supresión das probas de progreso, decidiuse, a nivel organizativo, dividir o curso escolar en dous cuadrimestres.

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende a segunda semana do mes de setembro ata finais de decembro. Neste cuadrimestre impartiranse oito unidades do libro de texto *Nuovissimo Progetto italiano 3*.

O segundo cuadrimestre dará inicio na segunda semana do mes de xaneiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre deberanse impartir sete unidades do devantido libro de texto.

Para que o docente responsable do curso poida valorar o adecuado progreso do alumnado e para que este, asemade, poida facer un seguimento do seu propio progreso e identificar os aspectos a mellorar na súa aprendizaxe, levarase a cabo unha avaliación inicial que determine o punto de partida de cada alumno/a individualmente e programaranse con periodicidade mensual tarefas dirixidas a verificar o seu nivel e progreso nas diferentes actividades de lingua das que será examinado o alumnado ao final do curso.

A temporalización das unidades coas que se traballará será a seguinte:

Primeiro cuadrimestre

- Setembro - Outubro: Unità 16 *Vita digitale* – Unità 18 *Scienza e inventori*
- Outubro - Novembro: Unità 21 *Abracadabra: tra sacro e profano* – Unità 30 *L'Italia in festa*
- Novembro - Decembro: Unità 19 *Economia e finanze* - Unità 17 *Medicina alternativa*
- Decembro: Unità 27 *Patrimonio artistico* - Unità 24 *Io leggo. E tu?*

Segundo cuadrimestre

- Xaneiro – Febreiro:– Unità 25 *Il fantastico mondo del cinema*
- Febreiro – Marzo: Unità 29 *Ma che musica, maestro!* – Unità 28 *Si alzi il sipario*
- Marzo - Abril: Unità 20 *Il Risorgimento* – Unità 23 *Non vedo, non sento, non parlo!* – Unità 22 *Immigrazione ed emigrazione*
- Maio: Unità 26 *Lingua e dialetto*

4. Avaliación e mínimos esixibles:

a. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): O profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): Nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará ó alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuadrimestre.

Avaliación certificadora: Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso deste nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Autoavaliación: A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización, etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.

- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...).
- A coordinación co resto do profesorado.

b. Criterios de avaliación:

i. Actividades de comprensión de textos orais

- ★ Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas que lle permite apreciar con facilidade diferenzas de rexistro e as sutilezas propias da comunicación oral nas culturas, comunidades de práctica e grupos nos que se fala o idioma.
- ★ Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión da intención, o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes, tanto implícitas como explícitas.
- ★ Recoñece, segundo o contexto específico, a intención e significación dun amplo repertorio de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ É capaz de seguir un discurso extenso incluso cando non está claramente estruturado e cando as relacións son só supostas e non están sinaladas explicitamente.
- ★ É o bastante hábil como para utilizar as claves contextuais, discursivas, gramaticais e léxicas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e prever o que vai ocorrer.
- ★ Recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que é

posible que necesite confirmar algúns detalles se o acento non lle resulta familiar.

- ★ Distingue unha ampla gama de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación, o que lle permite comprender a calquera falante ou persoa interlocutora, aínda que é posible que teña que confirmar algúns detalles cando o acento lle resulta descoñecido.

ii. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- ★ Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao/á receptor/a, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
- ★ Mostra un dominio das estratexias discursivas e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa, p. ex., utiliza espontaneamente unha serie de expresións adecuadas para ganar tempo mentres reflexiona sen perder a súa quenda de palabra, substitúe por outra unha expresión que non lembra sen que o seu interlocutor ou a súa interlocutora se dea conta, sortea unha dificultade cando se atopa con ela e volve a formular o que quere dicir sen interromper totalmente a fluidez do discurso, ou corrixe os seus lapsos e cambia a expresión, se dá lugar a malentendidos.
- ★ Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- ★ Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebatete os argumentos e as críticas dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras de maneira convincente e sen ofender, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e adecuada.

- ★ Utiliza os expoñentes orais das funcións comunicativas máis adecuados para cada contexto específico, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ Estrutura ben e claramente o seu discurso mostrando un uso adecuado de criterios de organización e un bo dominio dunha ampla gama de conectores e mecanismos de cohesión propios da lingua oral segundo o xénero e tipo textual.
- ★ Manifesta un alto grao de corrección gramatical de modo consistente e os seus erros son escasos e apenas apreciables.
- ★ Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permite superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios, aínda que poida cometer pequenos e esporádicos deslices, pero sen erros importantes de vocabulario e sen que apenas se note que busca expresións ou que utiliza estratexias de evitación.
- ★ Ten unha capacidade articulatória próxima a algunha(s) das variedades estándar propias da lingua meta e varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices sutís de significado.
- ★ Exprésase con fluidez e espontaneidade, case sen esforzo; só un tema conceptualmente difícil pode obstaculizar un discurso fluído e natural.
- ★ Elixo unha frase apropiada dunha serie de posibles enunciados do discurso para introducir os seus comentarios adecuadamente co fin de tomar a palabra ou ganar tempo para manter o uso da palabra mentres pensa.
- ★ É capaz de aproveitar o que di a persoa interlocutora para intervir na conversa.
- ★ Relaciona con destreza a súa contribución coa doutros/as falantes.
- ★ Adecúa as súas intervencións ás dos seus interlocutores ou das súas interlocutoras para que a comunicación flúa sen dificultade.
- ★ Formula preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue a aclaración dos aspectos ambiguos.

iii. Actividades de comprensión de textos escritos

- ★ Posúe un amplo repertorio de competencias socioculturais e sociolingüísticas, incluíndo aspectos sociopolíticos e históricos, que lle permite apreciar con facilidade o transfundo e os trazos idiosincráticos da comunicación escrita nas culturas, comunidades de práctica e grupos en que se utiliza o idioma.
- ★ Selecciona e aplica con eficacia as estratexias máis adecuadas para comprender o que pretende ou se lle require en cada caso, utilizando con habilidade as claves contextuais, discursivas, gramaticais, léxicas e ortotipográficas co fin de inferir a actitude, a predisposición mental e as intencións do autor ou da autora, e sacar as conclusións apropiadas.
- ★ Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos sobre unha ampla serie de temas profesionais ou académicos e decide se é oportuna unha lectura e análise máis profundas.
- ★ Busca con rapidez en textos extensos e complexos para localizar detalles relevantes.
- ★ Recoñece, segundo o contexto, o xénero e o tipo textuais específicos, a intención e significación dunha ampla variedade de expoñentes das funcións comunicativas ou actos de fala, tanto indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ Pode localizar información ou seguir o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou que non está perfectamente estruturado ou no cal as relacións e conexións non están expresadas, ou non sempre se expresan, de maneira clara e con marcadores explícitos.
- ★ Domina un amplo repertorio léxico escrito, recoñece unha gran diversidade de expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións e matices sutís de significado, aínda que en ocasións é posible que necesite consultar un dicionario, ben de carácter xeral, ben especializado.

- ★ Comprende os significados e as funcións asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas propias da lingua escrita segundo o contexto e o xénero e tipo textuais, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico (inversión ou cambio da orde das palabras).
- ★ Comprende as intencións comunicativas que subxacen tras o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas da lingua meta, tanto en soporte papel como dixital.

iv. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- ★ Adapta o que di e os medios de expresalo á situación, á persoa receptora, ao tema e ao tipo de texto, e adopta un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, aplicando os seus coñecementos e competencias socioculturais e sociolingüísticos con facilidade para establecer diferenzas de rexistro e estilo e para adecuar con eficacia o texto escrito ás convencións establecidas nas culturas e comunidades de lingua meta respectivas, elixindo unha formulación apropiada entre unha ampla serie de elementos lingüísticos para expresarse con claridade e sen ter que limitar o que quere dicir.
- ★ Aplica con soltura as estratexias máis adecuadas para elaborar os distintos textos escritos complexos que lle demanda o contexto específico e planifica o que hai que dicir e os medios para dicilo considerando o efecto que pode producir no/a lector/a.
- ★ Utiliza os expoñentes escritos das funcións comunicativas máis apropiados para cada contexto, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal).
- ★ Aмосa control das estruturas organizativas textuais e dos mecanismos complexos de cohesión do texto escrito e pode ilustrar os seus razoamentos con exemplos pormenorizados e precisar as súas afirmacións e opinións de acordo coas súas diversas intencións comunicativas en cada caso.

- ★ Utiliza unha ampla gama de estruturas sintácticas que lle permiten expresarse por escrito con precisión e mantén un alto grao de corrección gramatical de modo consistente; os erros son escasos e practicamente inapreciables.
- ★ Posúe un amplo repertorio léxico escrito que inclúe expresións idiomáticas e coloquialismos e que lle permite mostrar un alto grao de precisión, superar con soltura as súas deficiencias mediante circunloquios e non cometer máis que pequenos e esporádicos deslices no uso do vocabulario.
- ★ Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta para producir textos escritos nos cales a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son consistentes e prácticas e nos cales a ortografía é correcta, salvo deslices tipográficos de carácter esporádico.

v. Actividades de mediación

- ★ Posúe un coñecemento amplo e concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas e das comunidades de práctica en que se fala o idioma, incluídas as sutilezas e implicacións das actitudes que reflicten os seus usos e os seus valores e intégraas con facilidade na súa competencia intercultural xunto coas convencións das súas propias linguas e culturas, o que lle permite extraer as conclusións e relacións apropiadas e actuar en consecuencia, nunha ampla gama de rexistros e estilos, coa debida flexibilidade segundo as circunstancias, e con eficacia.
- ★ Aplica con soltura as estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas receptoras e á canle de comunicación, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- ★ Produce un texto coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.
- ★ Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións de acordo co ámbito e co contexto comunicativos, p. ex., nun texto académico.

- ★ Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e das necesidades das persoas destinatarias.
- ★ Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, indicando a súa comprensión e interese; elaborando, ou pedíndolles ás partes que elaboren o dito con información detallada ou ideas relevantes; axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; volvendo sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión e orientándoa cara á resolución do problema ou do conflito en cuestión.

3. Mínimos esixibles para o nivel C1.2

Obxectivos comunicativos xerais:

- Seguir sen esforzo conversas, debates, programas de tv, conferencias, etc.
- Comprender textos literarios, artigos especializados, instrucións técnicas complexas, etc., captando as diferenzas de estilo.
- Expresarse de xeito fluído e espontáneo aparentemente sen ter que buscar as palabras.
- Usar estratexias para evitar circunloquios sen alterar o fluxo do discurso.
- Usar a lingua de xeito eficaz e flexible.
- Argumentar de xeito articulado, proporcionando exemplos e motivacións apropiadas.
- Integrar eficazmente as propias accións coas dos interlocutores.
- Presentar descricións e exposicións claras e articuladas sobre temas complexos, desenvolvendo puntos específicos e concluindo de xeito apropiado.
- Expresar e recoñecer a dimensión afectiva incluso cando non está explícita.
- Producir textos de diverso xénero cunha estrutura cohesionada e desenvolveos con coherencia.

- Escribir sobre temas complexos en cartas, ensaios, relacións, subliñando os puntos importantes e adaptando o estilo aos destinatarios.

Estratexias comunicativas:

- Planificar o que quere dicir e seleccionar as expresións lingüísticas tendo en conta o efecto que terá sobre o destinatario.
- Usar circunloquios e paráfrases para superar lagoas lexicais e estruturais.
- Evitar dificultades comunicativas reformulando o que quere dicir, sen interromper o fluxo da conversa.
- Usar indicios contextuais, gramaticais e lexicais para inferir actitudes, estados de ánimo e intencións e anticipar o seguinte.
- Escoller expresións adecuadas para tomar a palabra e introducir as súas observacións ou para gañar tempo e non ceder a quenda de palabra.
- Contribuír á conversa integrando con habilidade as propias intervencións coas dos interlocutores.
- Plantexar preguntas para profundizar e comprobar se entendeu ben o que o interlocutor quería dicir e pedir que lle aclaren eventuais puntos ambiguos.
- Tomar a palabra e introducir as propias observacións escollendo as expresións adecuadas.
- Usar expresións adecuadas para gañar tempo e conservar a quenda de palabra mentres intenta reformular o que quere dicir.

d. Criterios de cualificación

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

Neste curso certificador C1.2 levarase a cabo un exame final e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do

réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Para o nivel avanzado C1, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

iv. Nivel C2.

Este nivel non se imparte no presente curso.

d. Outras tipoloxías de cursos ofertados

No presente curso o departamento de italiano non oferta outras tipoloxías de cursos.

4. Metodoloxía e recursos

Metodoloxía

Tendo en conta os principios metodolóxicos expresados no artigo 7, do Decreto 81/2018 do 19 de xuño, que á súa vez recollen os do Consello de Europa desenvolto no *MECR*, as ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá

abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. O profesor/a programará diferentes unidades didácticas compostas por tarefas comunicativas, que se practicarán mediante diferentes tipos de actividades e textos. Estas actividades estimularán estratexias comunicativas e de aprendizaxe, desenvolverán as actividades da lingua, os valores do plurilingüismo e o pluriculturalismo, e a capacidade de autoaprendizaxe. Deste xeito, favorecerase a formación dun alumno autónomo, responsable da súa aprendizaxe e capaz de levala máis alá do ámbito da aula.

Proponse, en definitiva, un enfoque metodolóxico procesual e centrado no aprendiz, na medida en que se terán en conta os intereses, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado para a selección e secuenciación de tarefas e materiais, dentro do marco curricular en que se desenvolven os cursos da EOI.

Recursos

Humanos

Neste curso, o cadro de persoal docente do noso departamento está formado por:

- Ángeles Huerta González, xefa do departamento e docente responsable dos cursos A1-A2-2 e A1-A2-4 e B1-2;
- Isabel Iglesias Ruíz, docente responsable dos grupos B2.2-1 e B2.2-2 e C1.1-1 e C1.1-2;
- Francisco Ameneiros Vázquez, docente responsable dos cursos A1-1 e A1-2 e B2.1-1 e B2.1-2;
- Giada Maria Barcellona, docente responsable dos cursos A2-1 e A2-2 e C1.2-1 e C1.2-2;

→ Ana M^a Botana Salgueiros, docente responsables dos cursos A1-A2-1 e A1-A2-2 e B1-1 e B1-3.

Físicos

Ademais das aulas nas que se levarán a cabo a meirande parte das actividades programadas en cada un dos cursos e niveis (aulas que contan con ordenadores, conexión a internet e paneis dixitais, entre outros recursos), o centro conta cunha serie de recursos físicos como, por exemplo, a biblioteca, a sala de lectura... que poden integrarse, dende o punto de vista do profesorado, para levar a cabo diferentes actividades didácticas e, dende o punto de vista do alumnado, para traballar a autonomía da súa aprendizaxe.

Materiais

O departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios, e libros de material fotocopiado, e tamén outros recursos como películas, documentais, xogos, e revistas.

Corresponderalle ao profesorado seleccionar, de entre os recursos que a continuación se describen, aqueles que se precisen segundo as necesidades do proceso de ensino-aprendizaxe

LIBROS DE TEXTO 2024/2025

- Nivel A1

Nuovissimo progetto italiano 1, VV.AA., ed. Edilingua

- Nivel A1+A2

Nuovo Contatto (A1+A2), Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi e Chiara Piantoni, Monica, ed. Loescher

- **Nivel A2**

Al dente 2, (A2) Corso d'italiano. Libro dello studente, VV.AA., ed. Casa delle Lingue

- **Nivel B1**

Nuovo Contatto A2, Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi e Chiara Piantoni, Monica, ed. Loescher (Unità 5)

Nuovo Contatto B1, Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, ed. Loescher

- **Nivel B2.1**

Nuovo Contatto B1, Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, ed. Loescher

- **Nivel B2.2**

Nuovo Contatto B2, Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, ed. Loescher

- **Nivel C1.1**

Nuovissimo progetto italiano 3, VV.AA. Ed Edilingua

- **Nivel C1.2**

Nuovissimo progetto italiano 3, VV.AA. Ed Edilingua

LIBROS DE CONSULTA

- Dicionarios:
 - ARQUÉS, Rossend e PADOAN, Adriana (2012): Il grande dizionario di Spagnolo: Dizionario Spagnolo-Italiano Italiano –Spagnolo. Bologna: Zanichelli Editore.

- CALVO RIGUAL, C. e GIORDANO, A. (2001): Dizionario Spagnolo-Italiano / Italiano-Spagnolo; Herder: Barcelona.
- ZINGARELLI, N. (2008): Il Nuovo Zingarelli minore; Zanichelli: Bologna.

- Gramáticas e libros de exercicios:
 - APRILE, Gianluca (2008): Italiano per modo di dire: Esercizi di espressioni, proverbi e frasi idiomatiche. Firenze: Alma Edizioni.
 - CONSONNO, Silvia e BAILINI, Sonia (2004): I verbi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma Edizioni.
 - DE GIULI, Alessandro (2007): Le preposizioni italiane. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma edizioni.
 - LATINA, A. E MUSCOLINO M. (2014): Una grammatica italiana per tutti 1 (edizione aggiornata) (A1- A2). Roma: Edizioni Edilingua.
 - LATINA, A. E MUSCOLINO M. (2014): Una grammatica italiana per tutti 2 (edizione aggiornata) (B1- B2). Roma: Edizioni Edilingua.
 - NADDEO, Ciro Massimo (2007): I pronomi italiani. Grammatica, esercizi e giochi (A1-C1). Firenze: Alma Edizioni.
 - NOCCHI, Susanna (2011): Nuova grammatica pratica della lingua italiana (A1-B2). Firenze: Alma Edizioni.
 - TARTAGLIONE, Roberto e NOCCHI, Susanna (2006): Grammatica avanzata della lingua italiana (B1-C1). Firenze: Alma Edizioni.
 - TARTAGLIONE, Roberto (1999): Verbissimo: tutti i verbi italiani. Firenze: Alma Edizioni.
 - TARTAGLIONE, Roberto (2005): Grammatica italiana: regole ed esempi d'uso. Alma Edizioni.

5. Liñas de atención á diversidade

A Lei galega esixe que o profesor teña en conta os alumnos con necesidades educativas específicas. Enténdese que un alumno “diferente” non ten que estar

menos ou peor preparado, si se lle ofrece unha educación personalizada e axeitada ás súas limitacións ou peculiaridades.

Daquela, unha programación didáctica non pode ignorar nunca a posibilidade de atopar un ou varios casos nunha clase, aínda que non poida estar tampouco preparada a priori para resolver un número infinito de situacións posibles. A elaboración de programas específicos adaptados aos alumnos con estas necesidades deberá desenvolverse por tanto no momento no que se coñeza a idiosincrasia e as necesidades particulares do caso concreto co que se debe traballar, a pé de tarima. As diversas situacións obrigaríanos a introducir modificacións na nosa programación para nos adaptar ás necesidades destes alumnos, pero é imposible ofrecer solucións por adiantado: é preciso, por tanto, esperar o comezo do ano escolar para coñecer persoalmente aos alumnos e establecer, se fora preciso, o tipo ou tipos de adaptación que compre poñer en práctica.

Pódese dicir, de todos os xeitos, que esta programación alternativa e específica debe ser creada de maneira que non altere os contidos, a secuenciación e, en xeral, a filosofía da programación principal da clase. A adaptación debería ter en conta as liñas principais descritas nesta programación xeral e modificalas para facelas accesibles ao alumno ou alumnos cunha problemática particular.

Esta adaptación debería ter lugar a todos os niveis (as explicacións teóricas, os exercicios propostos, o sistema de avaliación previsto, os temas transversais, o uso dos mecanismos morfosintácticos, etc.) grazas a unha atención personalizada do aprendiz en cuestión.

Doutra banda, a organización e aplicación das probas para a obtención das certificacións e para promocionar de curso por parte do alumnado con discapacidade basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na realización das probas deberanse adaptar, se é o caso, á duración e ás condicións de realización delas.

O alumnado nestas circunstancias deberá, no momento da matrícula, achegar a documentación acreditativa da súa discapacidade e cubrir a documentación fornecida pola escola oficial de idiomas que será quen lles comunique isto, para as adaptacións pertinentes, aos equipos de orientación específicos que dependen da Delegación Provincial de Educación respectiva.

6. Actividades culturais e de promoción do idioma

No curso 2024-25 a coordinación de actividades culturais e de promoción do idioma será levada a cabo pola xefa do departamento, Ángeles Huerta.

O departamento de italiano da Escola Oficial de Idiomas da Coruña organizará, da man da devandita coordinadora e coa colaboración de todos os membros do departamento, actividades extracurriculares destinadas a completar a formación do alumnado, co fin de profundizar no coñecemento de múltiples aspectos da cultura e da sociedade italiana. Estas actividades, xunto coas actividades de biblioteca, estarán destinadas a facer xurdir, manter ou, se é posible, aumentar o interese do alumnado cara ao idioma que estudan.

As actividades serán o máis variadas posible para poder dar resposta á multiplicidade de intereses e sensibilidades que conforma o alumnado dos cursos de italiano (concertos, concursos, karaoke, conferencias, laboratorios de cociña, teatro...)

Estas actividades serán referidas polo miúdo na PXA, aínda que a súa realización dependerá - como é obvio - de variables difíciles de determinar con tanta antelación: idoneidade das persoas relatoras e responsables da actividade, correspondencia da dispoñibilidade destas persoas cos intereses didácticos do departamento, dispoñibilidade dos recursos económicos e materiais necesarios para poder levalas a cabo...

O departamento de italiano manifesta tamén a súa dispoñibilidade e colaboración activa para participar en actividades interdepartamentais que

poidan resultar de interese para o alumnado e o público en xeral e que promovan, entre outros, valores como o plurilingüismo e a interculturalidade.

7. Actividades da biblioteca

A coordinación de biblioteca do departamento de italiano será levada a cabo neste curso por Giada Maria Barcellona, profesora do devandito departamento, que actuará segundo as directrices marcadas pola coordinadora de biblioteca do centro, Irma González Souto.

A biblioteca está situada na planta baixa da EOI: nela o alumnado pode consultar unha gran variedade de material didáctico e de apoio (gramáticas, dicionarios, obras literarias adaptadas e/ou graduadas, etc.). Ademais, conta cun servizo de préstamo de libros e materiais diversos. O departamento utilizará a Biblioteca para eventuais actividades que organice ao longo do ano lectivo e que sexan adecuadas ao local da Biblioteca.

Durante o curso 2024-25 o Departamento de Italiano organizará un ano mais o club de lectura, unha iniciativa promovida coa colaboración da biblioteca. A actividade está aberta a todo o alumnado da EOI, amante da literatura italiana, que teña un nivel de comprensión e expresión oral equivalente ao B2/C1, xa que a lingua de comunicación no club é sempre o italiano.

Os encontros do Clube realizaranse na Biblioteca da EOI e serán en horario de mañá e tarde. Os títulos dos libros elixidos, así como as datas e os horarios das sesións son:

1) Sapienza Goliarda, *L'arte della gioia*, Einaudi

Datas: Martes 14 de xaneiro de 19:30 a 20:30 / Xoves 16 de xaneiro de 13:00 a 14:00

2) Cialente Fausta, *Le quattro ragazze Wieselberger*, Sellerio

Datas: Martes 11 de marzo de 19:30 a 20:30 / Xoves 13 de marzo de 13:00 a 14:00

3) Ramondino Fabrizia, Althénopis, Fazi Editore

Datas: Martes 13 de maio de 19:30 a 20:30 / Xoves 15 de maio de 13:00 a 14:00

Copias en papel e en versión kindle dos libros estarán dispoñíbeis na Biblioteca.

8. Coordinación TIC

A coordinación TIC do departamento de italiano será levada a cabo neste curso 2024-2025 por Ana M^a Botana Salgueiros, profesora do devandito departamento, que actuará segundo as directrices marcadas pola coordinadora TIC do centro, María Dolores Cerviño.

Entre as tarefas a realizar pola coordinadora TIC do departamento están, entre outras, ter actualizada a páxina web, axudar na aula virtual (Moodle) do departamento ou detectar e referir á coordinadora TIC do centro as necesidades TIC do profesorado do seu departamento, con especial atención ás necesidades formativas que poidan estar relacionadas cos recursos dixitais de uso didáctico máis común e que incidan directamente na práctica educativa e na metodoloxía das profesoras e profesores.

9. Recursos

a. A disposición do profesorado

Os recursos a disposición do profesorado do departamento son de diversa natureza: bibliográficos, audiovisuais, informáticos, dixitais...

Entre os **recursos materiais e didácticos** atópanse libros de texto, libros de lectura, fotocopias, películas, xogos etc

Entre os **espazos** principais para a práctica docente están a aula habitual e outros espazos do centro que poden ser utilizados puntualmente para levar a cabo actividades propias da actividade docente en sentido estrito ou

actividades culturais ou de promoción do idioma; por exemplo, este curso levaranse a cabo varias sesións dun clube de lectura na biblioteca do centro. Outros espazos do centro son tamén recursos fundamentais para o profesorado, aínda que non estean directamente relacionados coas clases: os departamentos, a sala de recursos, a sala para levar a cabo reunións etc.

Entre os **recursos humanos** cabería salientar a posibilidade de colaboración con outros profesionais que exercen o seu labor no centro (equipo directivo, coordinadoras e coordinadores - biblioteca, TIC...- docentes do mesmo departamento, docentes doutros departamentos, conserxería, limpeza, secretaría...) como con profesionais externos, especialistas do seu ámbito, a través - por exemplo - das actividades culturais e de promoción do idioma.

Entre os **recursos informáticos e dixitais** cabe salientar a dispoñibilidade de equipos informáticos no departamento (aínda que, en ocasións, resultan escasos), equipos informáticos e paneis dixitais nas aulas, unha aula virtual en Moodle para o desenvolvemento e a posta a disposición do alumnado de diferentes recursos e materiais do curso, unha sala de recursos con equipos informáticos, impresoras... Entre estes recursos tamén se poderían incluír a páxina web e as redes sociais do centro, onde se publican informacións de interese xeral para profesorado, departamentos, alumnado en público en xeral. Resultan tamén fundamentais os numerosos titoriais nos que se atopan o funcionamento básico dos principais recursos dixitais, as funcionalidades que ofrecen ou a resolución dos problemas máis habituais que poden presentar.

Na selección dos recursos terase en conta a grande diversidade de intereses e capacidades que existen na aula, de tal forma que se poidan utilizar materiais diferentes en función destas motivacións, intereses ou capacidades do alumnado. En definitiva, o profesorado do departamento de italiano acomodará os recursos á súa disposición ás características do alumnado.

b. A disposición do alumnado

Entre **os recursos materiais e didácticos** a disposición do alumnado pódense salientar os libros de texto, manuais, libros de lectura libros adaptados por nivel, dicionarios, revistas, prensa en italiano... aos que poden acceder na biblioteca.

Entre **os espazos** do centro destacan, para o alumnado, as aulas nas que se desenvolven as clases e os espazos comúns tales como a biblioteca ou a cafetería, nos que se poden levar a cabo actividades culturais de promoción de idioma ou extracurriculares - en certo sentido, dirixidas didacticamente - (por exemplo, os clubs de lectura ou radio na biblioteca) ou seren espazos aos que o alumnado pode acceder de maneira autónoma para obter ou consultar materiais de diversa índole ou para entrar en contacto e socializar con compañeiros e compañeiras do curso ou cursos que realiza e que lle poden servir para responsabilizarse da súa propia aprendizaxe.

Polo que atinxe **os recursos humanos**, dada a centralidade da relación ensino-aprendizaxe nas Escolas de Idiomas, será o profesorado e o seu horario de atención, as titorías, un dos recursos máis salientables a disposición do alumnado; titorías que serán publicadas nos taboleiros dos departamentos e na aula virtual. Ademais do profesorado, o alumnado conta cun abano de profesionais que exercen o seu labor no centro e que resultan fundamentais para obter informacións do funcionamento ou horario do centro, dos procedementos para obter algún documento ou certificado, xestionar temas académicos... a través da conserxería, secretaría ou o equipo directivo.

Entre **os recursos informáticos e dixitais** cabe salientar pola centralidade da relación de ensino-aprendizaxe a aula virtual en Moodle, a través de cal pode entrar en contacto co profesorado, obter informacións sobre o funcionamento da escola ou de prazos para xestionar determinados procedementos e descargar os materiais que se utilizan nas aulas. Ademais, nas aulas contan con paneis dixitais que permiten ao profesorado crear - se fose necesario para a realización dalgunha actividade - un punto de acceso Wifi na aula. Tamén é fundamental a páxina web da Escola de Idiomas, onde destaca CentrosNet,

unha aplicación administrativa a través da cal o alumnado pode consultar as súas faltas de asistencia, solicitar cambios de grupo... e as redes sociais do centro (X, facebook, instagram, youtube) onde se publican novidades, actividades, titoriais... Ademais o alumnado conta cun punto informático no que dispón de ordenadores e impresora para levar a cabo, por exemplo, tarefas relacionadas coa matrícula, asesorados - de necesitalo - polo cadro de persoal da conserxería.

10. Valoración e procedementos de revisión da programación didáctica

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e unha avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen, entre eles, a avaliación dos obxectivos (adequación dos obxectivos xerais ao nivel, análise e detección de redundancias e/ou contidos innecesarios...), a avaliación dos contidos (adequación dos contidos e os obxectivos, adecuación dos contidos ao currículo vixente, análise da lóxica interna dos contidos...), a avaliación do conxunto da experiencia educativa (posibilidades de adaptación da programación a diferentes estilos de aprendizaxe, á diversidade educativa en senso amplo...), avaliación dos recursos didácticos (fomento da interacción entre os diferentes actores do proceso educativo, se resultan útiles, se resultan atractivos, se son de fácil acceso, se responden aos diferentes estilos de aprendizaxe, se estimulan a participación activa do estudantado...).

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: unha avaliación continua que permita ir adaptándoa ás necesidades do alumnados que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe e unha avaliación final que recollerá aquelas medidas que se consideren necesarias, viables, útiles e oportunas para a mellora da programación didáctica do seguinte ano académico.

Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

- Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva e unificada - por nivel - da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
- Reunións de departamento. Estas reunións - que se levarán a cabo, cando menos, mensualmente - terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación e actuar coordinadamente para adaptala ás necesidades do alumnado e facer axustes naqueles aspectos xerais que poden afectar á totalidade do estudantado. Para o seguimento da programación didáctica por parte dos distintos membros do departamento, usarase o modelo fornecido polo centro no que se debe facer constar aspectos como: o mes, o nivel, o grupo, se se cumpriu ou non a programación prevista, motivos dos eventuais atrasos, cuantificación do atraso en sesións e contidos, medidas previstas para paliar os efectos do atraso referido...
- Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos a reformar que se consignent na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
- Enquisas de satisfacción entre o alumnado. A análise deste instrumento que se leva a cabo dende hai anos ao final do curso por parte do centro permitirá coñecer a opinión do alumnado respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos e tirar conclusións sobre a necesidade de operar axustes, cambios, ampliacións.... na programación dos seguintes cursos.

11. Procedementos para o seguimento do alumnado: ausencias, abandono e resultados

Os procedementos que se usarán para o seguimento do alumnado son os seguintes:

- CentrosNet: nesta aplicación deixarase constancia das ausencias do alumnado ao longo do curso, indicando - segundo o caso - se se trata de ausencias xustificadas ou non xustificadas. Prestarase especial atención ao alumnado menor de idade, sobre todo cando as ausencias sexan prolongadas no tempo ou moi numerosas.
- Vías de comunicación abertas e accesibles para o alumnado. O profesorado do departamento informará ao seu alumnado (nas clases, na aula virtual, no taboleiro do departamento e na páxina web da Escola de Idiomas) do horario e lugar das titorías así como doutras formas de contacto tales como o seu correo electrónico ou aula virtual para que, de consideralo oportuno, poidan comunicar os motivos das súas ausencias ou, eventualmente, do abandono do curso.
- Reunións do departamento. Se da información recadada por parte do alumnado se conclúise que o departamento pode tomar decisións que mitiguen a porcentaxe de ausencias ou abandono habería de debaterse nunha reunión do departamento para analizar a capacidade de acción ou de reacción do mesmo nesta situación. Se as decisións ou medidas a tomar correspondesen ao equipo directivo ou tivese que mediar este, poñeríase no seu coñecemento para valorar posibles vías de solución, a través de reunións ou aqueles medios que se consideren idóneos.
- Memoria final do curso. Na memoria final de curso faise unha análise da asistencia do alumnado nos diferentes grupos, indicando - cando se coñecen - os motivos esgrimidos polo alumnado tanto para as ausencias como para o abandono, se é o caso, do curso. Será tamén este o procedemento principal co que analizar os resultados obtidos nas probas, tanto na convocatoria ordinaria como na convocatoria extraordinaria dos diferentes grupos así como tamén os factores e as

tendencias que, ao longo dos diferentes cursos, poden estar a incidir positivamente ou negativamente neste aspecto.

12. Avaliación interna do departamento

Os procedementos que se usarán para a avaliación interna do departamento son os seguintes:

Reflexión en grupo:

- En reunións de coordinación de curso.
- En reunións de departamento.
- En reunión entre a xefatura do departamento e os coordinadores.
- En reunións entre a xefatura de estudos e a xefatura de departamento.
- Na CCP e outras reunións co equipo directivo.

Observación:

A observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. Con todo, a observación persoal debe ir acompañada da transmisión e posta en común da información nos foros axeitados para que surta efectos.

A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico e das suxestións, propostas ou eventuais queixas do alumnado.

Enquisas:

As enquisas que se adoitan levar a cabo a finais de curso, dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado, poden ser unha valiosa fonte de información das que tirar conclusións sobre, tamén, como está a funcionar e sobre a imaxe que se está a transmitir o departamento.